

**ACTA NUMERO DEZAOTO CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2000.**

-----oOo-----

No Salón de Butacas do Teatro Principal, sendo as trece horas e cinco minutos do día vinteoito de decembro de dous mil reúnese, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación do Concello de Pontevedra baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, **D. Raimundo González Carballo**, **D. Xosé Luis Bará Torres**, **D<sup>a</sup> María Salomé Álvarez Blanco**, **D. Miguel Anxo Vázquez Plaza**, **D<sup>a</sup> María dos Anxos Riveiro Portela**, **D<sup>a</sup> María Carmen da Silva Méndez**, **D. Xosé Luis Veiga Lage**, **D. Demetrio Gómez Junquera**, **D. Juan Luis Pedrosa Fernández**, **D<sup>a</sup> María Josefa Manzanares Perela**, **D. Francisco Arturo Pichel Márquez**, **D. Gerardo Zugasti Enrique**, **D. Enrique de la Peña Vieitez**, **D. José Manuel Fernández Rodríguez**, **D. Juan Enrique Magdalena Chan**, **D. Celestino Lores Rosal**, **D<sup>a</sup> Sonia Rey Barros**, **D. Roberto Jesús Taboada Rivadulla**, **D<sup>a</sup> María Teresa Casal García**, **D. Luciano Eusebio Santiago Esperón**, **D. Guillermo Antonio Meijón Couselo** y **D<sup>a</sup> María Dolores Elvira de Ozámiz Lestón**, exceptuando **D. Demetrio Gómez Junquera** que se incorpora no punto 1 dos incluídos na orde do día e non asistindo **D. Manuel Abeledo López**, estando presente a Sr. Interventor, **D. Manuel Loureiro Blanco**, actuando como Secretario **D. Adolfo Castro Pérez**, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión.

**ORDE DO DÍA**

**1.- CORPORACIÓN MUNICIPAL: TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO, DON DEMETRIO GÓMEZ JUNQUERA, DA CANDIDATURA DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.**

Dáse conta da credencial expedida pola Xunta Electoral Central a favor de don Demetrio Gómez Junquera como Concelleira electa deste Concello pola lista de candidatos presentada polo Bloque Nacionalista Galego ás eleccións locais de 13 de xuño de 1999, para cubri-lo posto vacante, por renuncia, de don Manuel Jesús Fontán Bouzas procedente da mesma candidatura, e ó non existir obstáculo ningún para que poida tomar posesión do seu cargo, o señor Gómez Junquera acércase á Presidencia e coa man dereita sobre a Constitución "Promete pola súa conciencia e honra cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Pontevedra, con lealdade a El Rei e gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado".

Cumpridas as formalidades regulamentarias o Concelleiro posesionado pasa a ocupa-lo seu escano formando parte do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

Toma a palabra o señor Alcalde, manifestando que, en nome de toda a Corporación, lle dá a benvida ó Concello de Pontevedra e deséxalle que a estancia neste goberno municipal como Concelleiro sexa satisfactoria a nivel persoal e beneficiosa para a cidadanía de Pontevedra.

## **2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA CORPORACIÓN CONDENANDO O TERRORISMO.**

Dáse conta da seguinte declaración institucional da Corporación condenando o terrorismo:

O Pleno do Concello quer expresar a súa máis firme condena perante a salvaxe escalada de atentados terroristas cometidos por ETA e quer tamén manifestar a súa solidariedade cos familiares e achegados das persoas vilmente asasinadas pola banda armada.

O Pleno da Corporación quer amosar o seu compromiso irrenunciábel coa defensa dos dereitos humanos e dos valores democráticos que deben sustentar a convivencia de todas as persoas nun Estado democrático e de Dereito.

ETA está a atentar contra os fundamentos dunha vida en liberdade e democracia, está a atentar contra o dereito inalienábel de toda persoa a expresar libremente o seu criterio respecto de como ordenar a nosa convivencia cívica.

O que ETA desafía é a libre determinación de todas as forzas políticas para, en paz e liberdade, organizar a convivencia de acordo coas lexítimas diferencias entre elas, amparadas polo ordenamento legal vixente, tanto na Constitución como nos Estatutos de Autonomía.

O que ETA desafía é, por tanto, a posibilidade de que exista pluralismo político, e de que este se exprese sen ningún tipo de coacción violenta, como reflexo do pluralismo social e da lexitimidade de que nunha sociedade existan distintos proxectos sobre como organizar a convivencia.

O Pleno do Concello chama tamén a que todas as forzas políticas democráticas e todos os axentes sociais -todos aquelas organizacións que practican a defensa dos dereitos humanos e combaten sen tregua o terrorismo- comparezan perante a sociedade desde a unidade de acción contra o terror e desde tamén o respecto ao pluralismo, pluralismo democrático que é precisamente contra o que atenta ETA.

Só desde a defensa dos dereitos humanos e desde o respecto ao pluralismo democrático do Estado español é como se pode combater con eficacia practica a ameaza criminal que supón ETA para toda posibilidade de convivencia pacífica, cívica e democrática, no vixente marco político constitucional.

Aberto o debate, concédese a palabra ó portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, o cal manifesta que, evidentemente, va a votar a favor de esta declaración, pero quiere deixar constancia tamén de que le gustaría que el B.N.G., de una vez por todas, se sumase al pacto contra el terrorismo, ya firmado por el Partido Popular y el Partido Socialista, tal y como lo hizo ayer su grupo en el Ayuntamiento de La Coruña, y no que presenten una declara-

ción institucional cada dos Plenos, pues esta debe ser la tercera o la cuarta que presentan, y además con una redacción rebuscada que al final demuestra un cierto miedo no saben a que; entiende el Partido Popular que el Bloque tiene la obligación de ser igual de claro que los demás partidos a la hora de condenar el terrorismo y no dejar entrever siempre alguna duda como parece que flota en el ambiente y cree que prueba de esa duda es su necesidad de traer una declaración cada dos Plenos, por eso el Partido Popular aprovecha esta ocasión, en la que va a votar a favor de esta declaración, para pedirle al Bloque Nacionalista Galego de este Ayuntamiento que reflexione, que sean valientes y que de una vez por todas asuman ese pacto como suyo.

Toma a palabra o señor Alcalde dicindo que lle agradece ó señor Pedrosa o seu voto favorable e cre que está perfectamente claro, na declaración institucional e en tódalas actuacións ó longo destes últimos anos, cal é o posicionamento do Bloque Nacionalista Galego e deste goberno municipal.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aproba-la declaración institucional anteriormente transcrita.

### **3.- URBANISMO: APROBACIÓN DEFINITIVA DEL PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DE LA UNIDAD DE ACTUACIÓN N° 12 DEL P.G.O.U., EN SAN AMARO, TRAMITADO A INICIATIVA DE PARTICULAR.**

Dáse conta do dictame, favorable por unanimidade, da Comisión Informativa municipal de Urbanismo á aprobación definitiva do Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación n° 12 do PXOU en San Amaro.

Aberto o debate, intervén don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que este é un tema aprobado por unanimidade, pero quere aproveita-la ocasión para facer unha reflexión sobre o que significa e sobre o futuro e o presente do urbanismo e da ampliación da cidade; en tódalas cidades o urbanismo é un tema tremendamente conflictivo cando non a veces case un avespeiro, afortunadamente no Concello de Pontevedra coa colaboración dos funcionarios e da Comisión de Urbanismo se logrou bastante paz neste ámbito e o único nubarrón serio, a curto prazo, que estaba ameazando este funcionamento normal eran os informes que estaba a face-la Xunta de Galicia sobre a interpretación da Lei do Solo de Galicia nas unidades de actuación, que incluso foi obxecto de polémica e preocupación neste Pleno; con esta unidade á parte de despexarse este nubarrón, ou polo menos previsiblemente, despois de moitas xestións, incluso en última instancia do señor Alcalde, hai esta previsión de que este nubarrón se despexe por un lado e por outro lado esta unidade supón a apertura do vial, de nome proposto Juan Carlos I, para continuar ata avenida de Lugo, abrir unha nova zona da cidade e urbanizala, o que supón un beneficio cre que lexítimo para os intereses privados, pero un beneficio colectivo en canto que abre outro trozo de cidade e conecta viais e é unha compensación axeitada para a comunidade

no proxecto en compensación da edificabilidade que viña fixada no PXOU.

Seguidamente intervén don Guillermo Meijón Couselo, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que o termo nubarróns cre que é tan pouco científico como a indefensión e a incerteza que aínda seguen planeando sobre os criterios da Xunta de Galicia con respecto ás unidades de actuación en Pontevedra, cre que non está nada resolto en canto que parece que a hipótese que funciona seguen sendo chamadas telefónicas e contactos, agora informase de xestións directas da Alcaldía das que non sabía, pero lles segue parecendo que non é precisamente a mellor forma de funcionamento para a seguridade dos cidadáns desta cidade e para aqueles que están comprometidos con temas urbanísticos serios; por outro lado sumarse tamén, por suposto, ás felicitacións de cara ó traballo dos funcionarios de urbanismo do Concello e espera que ademais ese traballo poida ser recompensado con máis elementos humanos para o próximo ano.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo coas súas motivacións, nos termos seguintes:

Examinado el expediente administrativo nº 5.249/99 incoado ante este Excmo. Concello el 9/3/99 y formulado, mediante iniciativa particular, a instancia de don Bernardo López Abadín, en solicitud de la aprobación del Plan Especial de Reforma Interior de la Unidad de Actuación nº 12 del Plan General de Ordenación Urbana, de este Término Municipal, situada en el lugar de San Amaro-Mourete, como instrumento de planeamiento urbanístico de desarrollo de tal ámbito espacial, esta Secretaría General, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 3º.b) del Real Decreto 1174/1987, que impone al Secretario de la Corporación el deber de informar preceptivamente en aquellos asuntos cuya aprobación exija una mayoría especial como es la aprobación que ponga fin a la tramitación municipal de los planes y demás instrumentos de ordenación previstos en la legislación urbanística, por imperativo del artículo 47.3.i) de la Ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, en la redacción conferida por la Ley 11/1999, de 21 de abril y artículo 54.1.b) del Texto Refundido de Disposiciones en materia de Régimen Local, Real Decreto 781/86, emite el siguiente informe:

Resultando acreditados los siguientes HECHOS:

1º.- Formulado por don Bernardo López Abadín el presente Plan Especial de Reforma Interior de la Unidad de Actuación número 12, como propietario único de los terrenos que la conforman, la Comisión de Gobierno, previa la preceptiva tramitación normativamente establecida, en la sesión de 11 de septiembre de 2000, acordó prestarle aprobación con carácter inicial, como instrumento urbanístico de desarrollo del Plan General, estando compuesto la documentación del Plan Especial del proyecto visado por la Delegación en Pontevedra del Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia de fecha 3/3/99 y de aquélla

complementaria datada en julio de 2000, que anulaba y ampliaba a la anterior en función del previo informe de la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, siendo toda esta documentación redactada por el Arquitecto don Manuel Jesús Freijeiro. Asimismo, también se consideró con naturaleza adicional a la del P.E.R.I., al Proyecto exigido por la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia del Ministerio de Fomento, denominado de Intersección de la CN-541 con la U.A. nº 12 del P.G.O.U., y su plano modificado de "intersección de la CN-541, Ourense a Pontevedra, p.k. 92,150", suscritos por el Ingeniero Técnico de Obras Públicas don Isaac Fernández Fernández, visados por su colegio profesional el 29/10/99 y 17/4/00, haciéndose constar, que el documento complementario del PERI, en la confluencia de las Avenida del sistema general de la U.A. nº 14 y la Avenida de Lugo debería adaptar el trazado de sus aceras al plano modificado del enlace, visándose con carácter previo a la exposición pública del instrumento, lo cual fue requerido por medio de este acuerdo a don Bernardo López Abadín.

2º.- En cumplimiento de este requerimiento, el 19/9/00 don Bernardo López Abadín presentó la documentación complementaria al P.E.R.I. requerida en el acuerdo de aprobación inicial, siendo redactada por el Arquitecto autor del Plan Especial don Manuel Jesús Freijeiro con visado colegial del 13 de septiembre de 2000, la cual junto a la documentación inicialmente aprobada, fue debidamente diligenciada por la Secretaría General de este Concello.

Consecuentemente con lo establecido en la normativa urbanística y el acuerdo de aprobación inicial, se sometió el expediente a información pública, publicándose anuncios en el periódico Diario de Pontevedra de 24/9/00, "Boletín Oficial" de la Provincia nº 186 de 27/9/00 y "Diario Oficial" de Galicia nº 192 de 3/10/00. Asimismo, se notificó individualmente a los propietarios de terrenos lindantes con la Unidad de Actuación, don Ramón Vidal Bértola, don Domingo Vidal Bértola, doña María del Carmen Vidal Bértola, doña Esperanza Rosa López Fernández y doña Mercedes y doña Amparo Fontán Silva, así como a la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia del Ministerio de Fomento y los Colegios profesionales intervinientes en el visado de la documentación inicialmente aprobada, a efectos de que, durante el período de un mes desde la publicación de anuncio en el diario oficial autonómico, pudieran formular las alegaciones, reclamaciones y sugerencias que estimasen pertinentes. Asimismo, se envió carta certificada a doña Dolores Rey Moreda, si bien se trata como se dijo de propietarios excluidos del ámbito territorial del polígono perteneciente a propietario único.

Según consta en certificación de la Secretaría General de fecha 8 de noviembre de 2000, no fueron formuladas alegaciones ni reclamaciones durante el periodo de exposición pública del expediente.

3º.- Siguiendo las determinaciones de la legislación urbanística autonómica, por oficio de la Tenencia de Alcaldía del

Área de Urbanismo e Medio Ambiente de 8/11/00, se envió a la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda de la Xunta de Galicia copia del expediente íntegro, teniendo entrada en su Registro el día 10/11/00.

El pasado 15 de diciembre se recibe en esta Administración Municipal el informe suscrito por el Ilmo. Sr. Director Xeral de Urbanismo con fecha del día doce de este mes, en el que emite informe favorable al Plan Especial de Reforma Interior de la U.A. nº 12, observando, en primer lugar, que en relación con la ordenación propuesta para la zona de la Unidad de Actuación clasificada como Suelo de Núcleo Rural debe concretarse la Ordenanza de aplicación y establecerse la ordenación detallada, ya que de otro modo quedaría indefinida, no siendo aceptable, como ya se había indicado en el informe de 13/7/00, que su posible determinación o modificación pudieran diferirse a Estudio de Detalle, figura inadecuada a tal fin, debiendo ser el Plan Especial el que contenga especificación suficiente al respecto. En segundo lugar, el régimen aplicable a su ámbito será el establecido en la Disposición Transitoria segunda apartado 1.b) de la Ley do Solo de Galicia, con la particularidad de que el aprovechamiento de sus propietarios será el 90 % del medio del polígono y de aplicación el régimen del suelo urbano no consolidado.

4º.- El Arquitecto Jefe de la actual Oficina Técnica Municipal de Planeamiento y Gestión Urbanística, informó el 19 de diciembre que "en relación con las observaciones vertidas en el informe de la CPTOPV cabe indicar respecto al apartado A, que la ordenación detallada a la que se refiere está contenida en el proyecto anteriormente informado con fecha de visado por el COAG de 13 de septiembre de 2000 folios del expediente en tramitación 367 a 417 concretamente en el Apartado "Anexo a la memoria de planeamiento, 1.1. "Ordenación propuesta" (folios 377 y 378) y gráficamente en el plano 6.1. (folio 400).

Respecto a la observación B, de que el régimen aplicable al ámbito del PE es el establecido por la disposición transitoria 2ª, apartado 1.b9 de la Ley 1/1997, del Suelo de Galicia, ya ha sido tenido en cuenta en todas las fases y tramitación del expediente.

Por lo anteriormente expuesto, el proyecto del Plan Especial de Reforma Interior en desarrollo de la UA 12 "con fecha de visado colegial de 3 de marzo de 1999 junto con el proyecto de "documentación complementaria" de fecha de visado de 13 de septiembre de 2000 se adapta a las determinaciones de la normativa urbanística de aplicación, PGOU y observaciones efectuadas por la Consellería a lo largo de toda la tramitación del expediente por lo que es documento susceptible de ser aprobado definitivamente".

Considerando de aplicación los siguientes FUNDAMENTOS DE DERECHO:

I.- Reiterando las motivaciones jurídicas obrantes en el acuerdo de la Comisión de Gobierno de aprobación inicial del presente Plan Especial, debe recordarse que, como instrumento

urbanístico de desarrollo, tiene su fundamento en desarrollar las previsiones del Plan General de Ordenación Urbana -aprobado por Orden de la C.O.T.O.P. de 18/12/89- con la finalidad de cumplimentar los objetivos contenidos en su ficha específica y Programa de Actuación, esto es un objetivo de lograr la ordenación de una zona de entrada a la ciudad, asegurando el trazado de dos vías de importancia urbana y determinando dos ámbitos para edificar, uno en régimen de manzana cerrada, y otro hacia el este, en régimen de vivienda unifamiliar, con elección del sistema de actuación de compensación. Se fundamenta así este Plan Especial de Reforma Interior no sólo en el Plan General sino también en el artículo 26.2.c) de la Ley 1/1997, de 24 de marzo, de Solo de Galicia, que recogiendo los preceptos concordantes de las anteriores leyes de régimen del suelo estatales, dispone que esta categoría de planes especiales podrán formularse y aprobarse con las finalidades de reforma interior en suelo urbano, para llevar a cabo actuaciones aisladas que, conservando la estructura fundamental de la ordenación anterior, se encaminen a la descongestión, creación de dotaciones urbanísticas y equipamientos comunitarios, saneamiento de barrios insalubres, resolución de problemas de circulación o de estética y mejora del medio ambiente o de los servicios públicos u otros fines análogos y que con esos mismos fines podrán realizarse, asimismo, operaciones integradas de reforma interior, que cuando estuvieren previstas en el Plan General habrán de ajustarse a sus determinaciones. Como también se justificaba en el acto de aprobación inicial, a su vez, este precepto en sus apartados 4 y 5, y artículos 76.2.c), 83, 84 y 85 del Reglamento de Planeamiento Urbanístico, Real Decreto 2159/1978, de 23 de junio, en vigor tras el Real Decreto 304/1993, de 26 de febrero, y Disposición transitoria tercera LSGA, establecen el contenido, determinaciones, naturaleza y finalidad de los Planes Especiales para el desarrollo del planeamiento, debidamente justificadas y desarrolladas en sus documentos, sin que puedan sustituir a los Planes Generales en su función de ordenación integral del territorio.

Constan descritos en los Antecedentes de Hecho los informes evacuados por el Sr. Arquitecto Jefe de la Oficina Técnica Municipal de Planeamiento y Gestión Urbanística, antiguo Servicio de Gestión y Disciplina Urbanística, sobre la adecuación del Plan Especial y sus documentos adicionales, a la normativa urbanística y plan general municipal de ordenación.

II.- En cumplimiento de lo establecido en el acuerdo de aprobación inicial, y como igualmente se ha relatado en los precedentes Hechos, el Concello una vez adoptado este acto, acordó la apertura del trámite de información pública en la forma y plazo legalmente exigido, habiéndose ajustado consiguientemente, el trámite de información pública al procedimiento establecido en los arts. 42 LSGA, y artículo 128 RP, dándosele la adecuada publicidad al acuerdo de aprobación inicial y documentación integrante del Plan Especial, cumplimentándose las exigencias normativamente establecidas en la tra-

mitación del planeamiento. Por otra parte, los informes técnicos emitidos, que sirven de motivación a este acto y se incorporan al mismo, en los términos del artículo 89.5 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, señalan que el Plan Especial no vulnera disposición o determinación del planeamiento superior de ordenación municipal, conteniendo determinaciones propias de tal categoría de instrumentos urbanísticos de desarrollo, como son, entre otros, la determinación de los sistemas de actuación aplicables a cada uno de ellos.

III.- Debe mencionarse además que la Ley estatal 6/1998, de 13 de abril, de Régimen del Suelo y Valoraciones, en su Disposición transitoria cuarta determina que en los procedimientos de distribución de beneficios y cargas que no hubieran alcanzado la aprobación definitiva a la fecha de su entrada en vigor, será de aplicación, en cuanto a la cesión de suelo en que se deba materializar el porcentaje de aprovechamiento que corresponde a la Administración actuante, el régimen urbanístico establecido en la misma, según la clase de suelo, disponiendo su artículo 14.2 que los propietarios de terrenos de suelo urbano que carezcan de urbanización consolidada, deberán ceder obligatoria y gratuitamente a la Administración actuante el suelo correspondiente al 10 por 100 del aprovechamiento del correspondiente ámbito, precepto de carácter básico conforme a la Disposición final única de este texto legal y en tal sentido se dictó por la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda de la Xunta de Galicia, la Instrucción 1/1998, de 24 de julio, sobre la aplicación de la LSGA en el marco de la nueva Ley 6/1998.

Una vez cumplimentado el trámite de información pública, en cumplimiento de los artículos 7.2 de la Ley 7/1995, de 29 de junio, de delegación y distribución de competencias en materia de urbanismo y 44.2 LSGA, el expediente se remitió a informe de la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, que al amparo del artículo 1º a) de la Orden de 30 de diciembre de 1999 por la que se delegan atribuciones en materia de urbanismo en su Dirección Xeral de Urbanismo, evacua en sentido favorable el informe al presente Plan Especial de Reforma Interior, recordando en consonancia con el Fundamento Jurídico anterior que el régimen aplicable al ámbito del Plan será el del suelo urbano no consolidado y el aprovechamiento de sus propietarios el 90 % del aprovechamiento medio del polígono.

IV.- Corresponde la aprobación que pone fin a la tramitación municipal de los planes y demás instrumentos de ordenación previstos en la legislación urbanística al Pleno de la Corporación, como establece el artículo 22.2.c) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, en la redacción conferida por la Ley 4/1999, de 21 de abril, artículo 64.2 c) de la Ley 5/1997, de 22 de julio, de la Administración Local de Galicia y artículo 50.20 del Regla-



mento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales (R.O.F.), Real Decreto 2568/86, de 28 de noviembre, previo dictamen de la Comisión Municipal de Urbanismo como exige el art. 123.1 del R.O.F., teniendo que publicarse el acto de aprobación definitiva en el Diario Oficial de Galicia con comunicación a la Consellería de Política Territorial, en los términos del artículo 48.3 LSGA, dándosele traslado de una copia del expediente completo y dos ejemplares diligenciados del instrumento aprobado definitivamente y su eficacia se demorará a la presentación del expediente en la Consellería y a la publicación de sus normas y ordenanzas conforme a lo establecido en la legislación de régimen local.

El Pleno de la Corporación, por unanimidad y de conformidad con el dictamen de la Comisión Informativa municipal de Urbanismo, acuerda:

PRIMERO.- Prestar aprobación definitiva al Plan Especial de Reforma Interior de la Unidad de Actuación número 12 del P.G.O.U., situada en San Amaro y formulado, mediante iniciativa particular, por don Bernardo López Abadín, estando compuesto este instrumento urbanístico de desarrollo del planeamiento de ordenación integral del Municipio del proyecto visado por la Delegación en Pontevedra del Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia de fecha 3/3/99 y del proyecto complementario requerido en el acuerdo de aprobación inicial con visado colegial del 13 de septiembre de 2000 que recoge aquella documentación complementaria datada en julio de 2000, que anulaba y ampliaba a la anterior en función del previo informe de la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, siendo toda esta documentación redactada por el Arquitecto don Manuel Jesús Freijeiro. Se considera con naturaleza adicional a la del P.E.R.I., al Proyecto exigido por la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia del Ministerio de Fomento, denominado de Intersección de la CN-541 con la U.A. nº 12 del P.G.O.U., y su plano modificado de "intersección de la CN-541, Ourense a Pontevedra, p.k. 92,150", suscritos por el Ingeniero Técnico de Obras Públicas don Isaac Fernández Fernández, visados por su colegio profesional el 29/10/99 y 17/4/00, recogiendo el texto visado el 13/9/00 la adaptación del trazado de sus aceras al plano modificado del enlace, en la confluencia de la Avenida del sistema general de la U.A. nº 14 y la Avenida de Lugo.

SEGUNDO.- Hacer constar expresamente que el régimen aplicable al ámbito del Plan es el establecido en la Disposición Transitoria segunda apartado 1.b) de la ley 1/1997, do Solo de Galicia, con la particularidad de que el aprovechamiento de los propietarios del suelo será el 90 por ciento del medio del polígono, siendo de aplicación el régimen del suelo urbano no consolidado

TERCERO.- Notificar este acto administrativo al propietario de los terrenos afectados del ámbito del PERI y organismos interesados con el ofrecimiento del régimen procedente de recursos y publicación en el "Diario Oficial" de Galicia, con traslado a la Consellería de Política Territorial, Obras Pú-

blicas e Vivenda de una copia adverada del expediente administrativo completo y dos ejemplares del Plan Especial aprobado definitivamente, debidamente diligenciados, disponiéndose la publicación de sus normas y ordenanzas en el "Boletín Oficial" de la Provincia para lograr su eficacia y ejecutividad, de acuerdo con lo establecido en la Ley 39/1994, de 30 de diciembre, por la que se modifica el artículo 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local.

**4.- CESIÓN DO EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CONSERVATORIO DE MÚSICA: APROBACIÓN DO PROCEDEMENTO TRAMITADO PARA A CESIÓN GRATUÍTA DO EDIFICIO MUNICIPAL DO CONSERVATORIO DE MÚSICA, A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.**

Dáse conta do dictame, favorable por unanimidade, da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Patrimonio á cesión do edificio municipal destinado a conservatorio de música a favor da Xunta de Galicia.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo coas súas motivacións, nos termos seguintes:

Examinado o expediente tramitado para a cesión do edificio municipal, destinado a Conservatorio de Música, situado na rúa Alfonso XIII nº 7 desta cidade, a favor da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, resultan relevantes para resolución do procedemento os seguintes

ANTECEDENTES

1º.- No inventario de Bens municipais, aprobado polo Pleno da Corporación na súa sesión de 24 de novembro de 1994, figura inscrito nas páxinas 193, 194 e 195, o edificio nº 7 da rúa Alfonso XIII co número 65, denominada Conservatorio de Música, a cal se describe na certificación expedida pola Secretaría incorporada ó expediente.

2º.- A devandita finca nº 65 do Inventario esta inscrita no Rexistro da Propiedade de Pontevedra no Tomo 1480, Libro 711 de Pontevedra, folio 148, finca 14.144 inscripción 3ª.

3º.- O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 26 de novembro de 1992 acordou prestar a súa aprobación o convenio suscrito pola Alcaldía o día 23 de novembro de 1992, co Excmo. Sr. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, polo que o Concello de Pontevedra puña a disposición da Consellería o devandito edificio coa finalidade de que no mesmo funcione un Conservatorio de Música Estatal de grao profesional, transferindo, o mesmo tempo a titularidade dos enseres, material, útiles, mobiliario e instrumental existentes no Conservatorio municipal, asumindo a Consellería o custo das instalacións e adquisicións precisas para posta en funcionamento, así como os gastos de funcionamento e mantemento, incluído o persoal.

4º.- Asemade o Concello de Pontevedra comprometiase na estipulación 1ª parágrafo segundo "a inicia-los trámites necesarios para levar a cabo a transmisión da plena titularidade do devandito inmueble".

5º.- Por Decreto 349/92 da Xunta de Galicia creouse o Con-

servatorio Estatal de grao profesional de Música de Pontevedra, instalado no edificio municipal posto a disposición polo Concello, e mediante orde da devandita Consellería de Educación de 17 de decembro de 1992 autorízase o comezo das actividades académicas no Conservatorio Estatal de grao profesional de Música de Pontevedra, sometido o réxime común docente dos conservatorios.

6º.- Mediante comunicación da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de data 21 de xullo de 2000 con entrada neste Concello o día 26 de xullo, interésase da Alcaldía a execución do estipulado no convenio formalizado entre ámbalas dúas Institucións, para a transmisión a Xunta da Plena titularidade do edificio destinado a Conservatorio de Música.

7º.- Consta no expediente tramitado informes do Sr. Arquitecto municipal e do Sr. Interventor, sendo o valor do inmovible de 130.668.860 pta.

8º.- Tanto no Inventario de Bens municipais como na inscrición rexistral reflíctese como título de propiedade unha doazón do Ministerio de Facenda pola que, previa aprobación polo Consello de Ministros, se cede o pleno dominio do devandito inmovible ó Concello de Pontevedra con destino a unha escola municipal de música, baixo condición resolutoria de non poder ser destinado a outros fins considerándose caducada a cesión con reversión ó patrimonio do Estado caso de incumprimento.

Considerando de aplicación os seguintes FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Nembargantes a clasificación do inmovible como ben de dominio público municipal -de servicio público- e, polo tanto, inalienable, a finalidade de cesión é a transmisión da titularidade, mantendo o servicio público municipal existente, mellorado coa creación e posta en funcionamento dun Conservatorio Estatal pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, garantindo o servicio público o que se vincula a inalienabilidade, ademais de ser un compromiso xa contraído polo Pleno da Corporación.

II.- Tendo en conta os compromisos asumidos pola Consellería no Convenio formalizado, trátase dunha auténtica transferencia do Servicio de Conservatorio de Música, no que se transmite o servicio cos seus medios materiais e parte dos persoais, coa finalidade de que se manteña e mellore, creando un Conservatorio Estatal o que se fixo mediante o Decreto 349/92 da Xunta de Galicia.

III.- Por iso, as disposicións establecidas no Regulamento de Bens das Entidades Locais para a cesión de bens inmoibles patrimoniais deben ser tidas en conta no procedemento a seguir para efectuar a transmisión do inmovible, aínda que a transmisión que se fai é para completar a transferencia do servicio nos termos comprometidos.

IV.- No expediente tramitado queda acreditado o carácter público da entidade cesionaria por ser esta unha Administra-

ción Pública Territorial e que os fins perseguidos redundar en beneficio dos habitantes do termo municipal.

V.- Tendo en conta o título orixinario da propiedade municipal e as limitacións impostas, tanto pola Resolución do Ministerio de Facenda como as establecidas no artigo 111 do Regulamento de Bens, o edificio debe ser destinado o uso do ensino de música, sen prexuízo de que, manténdose o servizo noutro edificio axeitado, poida alterarse a súa vinculación, previa tramitación do procedemento pertinente coa autorización do Ministerio de Facenda.

VI.- A competencia para a cesión do edificio corresponde ó Pleno da Corporación, de conformidade co establecido no artigo 22 da Lei 7/85, de 2 de abril, modificada pola Lei 11/99, sendo necesario, para a validez do acordo, a maioría absoluta legal dos membros da Corporación segundo o disposto no artigo 47.3.1) da citada Lei.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Transmitir a Xunta de Galicia a plena titularidade do inmovible denominado "Conservatorio de Música", parcela nº. 65 do Inventario de Bens, situada na rúa Alfonso XIII, número 7, descrita na certificación expedida polo Secretario e inscrita no Rexistro da Propiedade, para ser destinado pola Consellería de Educación a Conservatorio de Música.

SEGUNDO.- O inmovible transferido deberá manter o seu destino actual, sen prexuízo de que poida ser alterado previa tramitación do pertinente procedemento, mantendo as ensinanzas de Música noutro edificio axeitado e previa autorización do Ministerio de Facenda.

TERCEIRO.- Someter o expediente aprobado a información pública durante un período de quince días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de exame e reclamacións.

CUARTO.- De non se presentar reclamacións durante o período de información pública, o acordo provisional de transmisión se entenderá definitivo, quedando facultada a Alcaldía, no seu caso, para o outorgamento da escritura pública de transmisión, así como para resolver cantas incidencias puidera presenta-la súa formalización.

QUINTO.- Darase conta dos precedentes acordos á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, por canto o valor real do mercado do inmovible non supera ó 25% dos recursos ordinarios do orzamento municipal.

#### **5.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE DÉBEDAS:**

##### **A) POR OBRAS COMPLEMENTARIAS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EXECUTADAS NA RÚA CONDE BUGALLAL.**

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio sobre a aprobación do recoñecemento extrajudicial da débeda contraída por obras complementarias de abastecemento e saneamento na

rúa Conde Bugallal.

Aberto o debate, intervén o portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, don Roberto Taboada Rivadulla, solamente para decir que mantiene la posición de la Comisión y lamenta que el Pleno no se desarrolle como esperaba el señor Alcalde, pero va a abstenerse.

Seguidamente concédese a palabra a don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, el cual anuncia que va a votar a favor de estos dos reconocimientos extrajudiciales de deudas y que, como ya anunció en otras ocasiones, este pasa a ser un punto habitual en el orden del día de los Plenos, incluso a éste no viene la aprobación del acta anterior pero si el manido punto de reconocimiento extrajudicial de deudas, que seguro que van a tener uno o más en cada Pleno, a pesar de ello el Partido Popular va a votar a favor.

A continuación intervén don Raimundo González Carballo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, agradecéndolle ó señor Pedrosa o voto favorable, pero non podía ser doutra maneira, xa que son do anterior grupo de goberno.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo coas súas motivacións, nos termos seguintes:

Examinada a liquidación presentada polo Enxeñeiro Xefe dos Servicios Técnicos Municipais das obras de "urbanización da rúa Conde Bugallal, complementario do de abastecemento e saneamento" resultan relevantes os seguintes FEITOS:

1º.- A Comisión de Goberno en data 6 de xullo de 1998 adxudicou á unión temporal de empresas CONSTRUCCIONES INDEZA, S.L. E CONSTRUCCIONES CARRO, S.L., a execución das obras de "urbanización da rúa Conde Bugallal: complementario do de abastecemento e saneamento" no prezo de 58.806.629 pta I.V.E. incluído, formalizándose en documento administrativo o día 4 de agosto de 1998.

2º.- Pola dirección facultativa das obras se expediron a favor da contrata cinco certificacións de obra, as cales foron aprobadas por Resolución da Alcaldía, ascendendo o total da obra certificada a 58.656.661 pta.

3º.- En abril de 2000 polo Enxeñeiro Xefe dos Servicios Técnicos Municipais entrégase a liquidación das obras de "urbanización da rúa Conde de Bugallal: complementario do de abastecemento e saneamento" resultando un saldo a favor do contratista de 4.890.478 pta, incremento producido pola diferencia de medicións entre as distintas partidas do proxecto redactado no seu día e as realmente executadas pola empresa contratista tal como se contempla no orzamento comparativo incorporado ó expediente.

4º.- A liquidación redactada polo Enxeñeiro Xefe dos Servicios Técnicos Municipais está composta de memoria, acta de recepción da obra, orzamento da obra realmente executada, orzamento comparativo, saldo da liquidación, certificacións ex-

pedidas á contrata.

5º.- O Enxeñeiro Xefe dos Servicios Técnicos municipais redactou un proxecto complementario ó de "urbanización da rúa Conde de Bugallal, complementario do de abastecemento e saneamento", no que se recollían as unidades de obra que non se contemplaron no proxecto, o cal ascende a 11.467.936 pta I.V.E. incluído, non sendo aprobado o mesmo polo órgano municipal competente.

6º.- Pola Intervención Xeral emitiuse informe no que se sinala que de conformidade coas disposicións legais aplicables o suposto, deberíase tramitar un proxecto modificado que contemplara as necesidades novas; procedéndose a fiscalización e autorización do gasto con carácter previo á execución das modificacións e non a posteriori como acontece neste expediente, ou de se-lo caso introducirse no proxecto modificado que aprobou a Comisión de Goberno de data 12.6.2000. O importe que restaba por certificar 149.968 pta poderá ser contabilizado con cargo ó AD 2000-7931 da partida 013-511.611.17S do orzamento de 2000. O saldo da liquidación 4.740.510 pta deberá ser obxecto de recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno de conformidade coa Base 17.1 de Execución, xa que no momento de executa-las variacións non existía a oportuna autorización do gasto e se obviou a tramitación legal establecida. De producirse o recoñecemento extraxudicial da débeda, o seu importe poderá sufragarse con cargo o crédito dispoñible da partida 013-511.6211.17S do orzamento de 2000, contabilizándose a operación RC nº 2000-20841 polo citado importe. Este crédito procede do resto da baixa do contrato inicial (3.492.757 pta) e do expediente 1CEXT-SUP (1.247.753 pta). Condición previa ó recoñecemento extraxudicial é a presentación da certificación e factura correspondente pola empresa adxudicataria.

7º.- A unión temporal de empresas CONSTRUCCIONES INDEZA, S.L. e CONSTRUCCIONES CARRO, S.L. presentou a certificación correspondente ás obras así como a factura cos requisitos regulamentariamente esixidos.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- A disposición transitoria única da Lei 53/99, pola que se modifica a Lei 13/95 de contratos das Administracións Públicas establece que os expedientes de contratación iniciados e os contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei se rexerán pola normativa anterior, polo que é de aplicación o disposto na Lei 13/95.

II.- A Lei 13/95 de maio de contratos das Administracións Públicas dispón no seu artº. 148 que dentro do prazo de seis meses, a contar dende a data do acta de recepción deberá acordarse e ser notificada ó contratista a liquidación correspondente e abonárselle o saldo resultante, no seu caso.

III.- O artº 148 da Lei 13/95 e 176 do regulamento xeral de contratos do Estado dispón que unha vez firmada a acta de recepción das obras (antes recepción definitiva) debe de acordarse a liquidación das obras abonándosele ó contratista o saldo resultante. A cláusula 27 do prego establece que o téc-

nico director formulará a liquidación da obra, debendo abonarse o saldo resultante no seu caso ó contratista, aplicando ó resultado da medición xeral os prezos e medicións do contrato.

IV.- Na liquidación da obra consta un acta de recepción subscripta o 30 de xullo de 2000 polo Enxeñeiro municipal e don Angel Fernández Presas en representación de la unión temporal de empresas CONSTRUCCIONES INDEZA, S.L. y CONSTRUCCIONES CARRO, S.L., na que se pon de manifesto que as obras se atopan en bo estado e de conformidade co previsto no proxecto, prego de condicións e contrato das mesmas

V.- Tendo en conta o disposto no artigo 146.3 da Lei 13/95 as modificacións do proxecto deberán aprobarse polo órgano de contratación, autorizando os gastos complementarios precisos. Así mesmo o artigo 11.2-g) e o 68.2 da Lei 13/95 establece que deberá procederse á fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico relativos ós contratos, polo que se autorizou un gasto e se adxudicaron unhas obras sen seguir o procedemento legalmente establecido, polo que estando executadas as mesmas e supoñer un beneficio para esta Administración o procedemento a seguir será o recoñecemento extraxudicial da débeda.

VI.- A competencia para a resolución deste procedemento está atribuída ó Pleno da Corporación de conformidade co establecido en el Real decreto 500/90 e Base 17 das de execución do orzamento de 2000.

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de dezanove Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e coa abstención de cinco Concelleiros (os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Aproba-la certificación última e liquidación correspondente ás obras de "urbanización da rúa Conde de Bugallal, complementario do de abastecemento e saneamento", expedida pola dirección facultativa das obras, a favor da unión temporal de empresas CONSTRUCCIONES INDEZA, S.L. E CONSTRUCCIONES CARRO, S.L. cun importe de 4.890.478 pta.

SEGUNDO.- Ordena-lo pago da cantidade de 149.968 pta, que restaba por certificar do importe da adxudicación do contrato, que se financiará con cargo ó AD nº 2000-7931 da Partida 013-511.611.17S do orzamento de 2000.

TERCEIRO.- Ordena-lo pago de 4.740.510 pta correspondente ó saldo a favor do contratista de acordo ca liquidación da obra elaborada polo Enxeñeiro municipal, con recoñecemento extraxudicial da débeda contraída por este Concello, quedando autorizado o gasto que se financiará con cargo ó crédito dispoñible da partida 013-511.611.17S do orzamento de 2000 (RC nº 2000-20841), ordenando o seu pago a unión temporal de empresas CONSTRUCCIONES INDEZA, S.L. E CONSTRUCCIONES CARRO, S.L., con cargo a mencionada partida, debéndose rete-la cantidade de 107.564 pta en concepto de honorarios de dirección.

**B) POR TRABALLOS DE ASISTENCIA TÉCNICA DE INVESTIGACIÓN E VALORACIÓN DE BENS INMOBLES URBANOS PARA A SÚA ALTA NO IBI.**

Examinado o expediente referido á "tramitación, investigación, valoración e inclusión no padrón do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana das altas presentadas polos contribuíntes", son relevantes para a resolución do mesmo os seguintes feitos:

1º.- Por resolución da alcaldía de data 11 de decembro de 1995, acordouse prestar aprobación ó expediente e en consecuencia ó prego de cláusulas administrativas particulares para a "tramitación, investigación, valoración e inclusión no padrón do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana das altas presentadas polos contribuíntes", cun orzamento máximo por importe de 2.000.000 pts, fixándose na cantidade de 2.600 pts por unidade urbana/contribuínte pendente da alta presentada ante o Centro de Xestión Catastral e a súa entrada en tributación, quedando autorizado o gasto que será financiado con cargo á Partida 001-511.22706 do orzamento de 1998.

2º.- Por resolución da alcaldía de 10 de xaneiro de 1996 adxudicouse definitivamente a contratación administrativa dos traballos de asistencia técnica para a "tramitación, investigación, valoración e inclusión no padrón do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana das altas presentadas polos contribuíntes", a empresa Otinca, S.L., coa limitación do prezo por unidade e contía total do contrato.

3º.- O día 16 de agosto de 1996, por resolución da alcaldía, adxudicouse á empresa Otinca, S.L. un novo contrato para a "tramitación, investigación, valoración e inclusión no padrón do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana das altas presentadas polos contribuíntes", no prezo de 2.550 pts unidade de contribuínte, e un orzamento máximo de 2.000.000 pts.

4º.- O día 21 de marzo aprobouse a factura correspondente ó segundo contrato, por importe de 2.363.213, presentándose posteriormente facturas correspondentes á liquidación e a novas altas, excedéndose tanto no tempo como no orzamento, xa que establecérase un orzamento máximo de 2.000.000 de pesetas e un prazo de execución dos traballos de tres meses, presentándose pola empresa Otinca varias facturas por novas altas no padrón de I.B.I. que foron aprobadas pola Alcaldía, recoñecendo extraxudicialmente a débeda xa que o procedemento para a contratación dos traballos non se axustou ó legalmente establecido.

5º.- O 28 de xaneiro de 2000 co número de rexistro de entrada 2.354 a empresa Otinca presentou no rexistro xeral do concello unha nova liquidación de factura dos traballos técnicos para a inclusión no padrón do I.B.I. de 523 unidades por un importe de 1.317.000 pts, factura que foi aprobada, con recoñecemento extraxudicial de débeda, por resolución da Alcaldía de 22 de febreiro de 2000. Así mesmo con data 16 de maio do actual a empresa Otinca presentou no rexistro xeral, co número 14.735, factura correspondente á inclusión no padrón do



IBI de 835 unidades por importe de 1.985.775 ptas, á que se emitiu informe polo servicio de contratación no que se indica que deberán adoptarse as medidas oportunas ó obxecto de evitar esta situación de ilegalidade (adxudicación verbal, fraccionamento do contrato, transgresión dos principios fundamentais da contratación pública: liberdade de concorrencia e publicidade, incumprimento do procedemento legalmente establecido para a autorización e disposición de gastos...) e, no suposto de que continúe a necesidade de realizar traballos técnicos para a inclusión no padrón do IBI de novas altas, efectúese a correspondente proposta tramitándose o procedemento de acordo coa normativa aplicable. En relación coa factura presentada pola empresa OTINCA, si o estima conveniente, podería ser aprobada, recoñecendo extraxudicialmente a débeda, tendo en conta que está probado no expediente que a empresa realizou os traballos obxecto da factura, dándose traslado do informe do Sr. tte. alcalde delegado da área de xeración e xestión de recursos, propóndose por esa tenencia de alcaldía a aprobación a factura, factura que foi aprobada, con recoñecemento extraxudicial de débeda, polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 29 de xullo de 2000.

6º.- Pola empresa Otinca presentouse factura nº 221 con data de entrada no rexistro xeral de 19 de xullo de 2000 e nº de rexistro 22.559, por importe de 1.305.600 ptas., correspondente á inclusión no padrón do IBI de 512 unidades, emitíndose informe a mesma polo xefe do servicio de inspección e inspección tributaria no que sinala que "Esta empresa ha venido realizando de forma continuada con el anterior equipo de gobierno, y con consentimiento tácito por el actual, trabajos de valoración e inclusión en el Padrón de todas las altas pendientes, evitando que la pasividad que demuestra la Gerencia Territorial del Catastro, gestor censal del impuesto, suponga un grave perjuicio económico para este Ayuntamiento.= Las 512 unidades a que se refiere la factura figuran en el Censo remitido por la Gerencia Territorial del Catastro, a efectos del Padrón del I.B.I. de naturaleza Urbana del ejercicio 2000.= Se remitieron acuerdos, por la Gerencia Territorial del Catastro, de las unidades subrayadas en "fosforito".= Se está procediendo a la liquidación de alguna de estas unidades urbanas.= La infraestructura del personal para el I.B.I. no permite atender el ingente trabajo: 1 Técnico (de baja), que no ha asumido nunca desde su nombramiento el ejercicio de dirección de este impuesto. 1 Delineante que no sabe ejercer las funciones de auxiliar ni de administrativo (alegación suya). 1 Auxiliar que ha de atender todas las funciones de gestión del I.B.I.= De las demás unidades urbanas cuyos acuerdos no fueron remitidos por la Gerencia, se entregó por la empresa OTINCA las carpetillas con documentación relativas al inmueble, (Datos gráficos CU-1-croquis acotado, relación de fincas, cargos y construcciones)", a cal prestou a súa conformidade o tte. alcalde delegado da área de xeración e xestión de recursos.

7º.- Pola intervención xeral do concello emítase informe

no que se sinala que para afrontar-lo gasto de 1.305.600 pts existe crédito dispoñible na partida 001.511-22706 do orzamento de 2000, contabilizándose a operación RC número 2000-27.242 polo citado importe.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Do anteriormente exposto dedúcese que a asistencia técnica foi realizada sen axustarse ós trámites esenciais do procedemento da contratación administrativa, especialmente o que se refire á adxudicación e ó procedemento de autorización do gasto, non estando a adxudicación verbal admitida no dereito administrativo de conformidade co establecido no artº 55 do Real decreto lexislativo 2/00 de 16 de xuño, salvo nos casos en que ó contrato teña carácter de emerxencia, ...vulnerándose ademais o establecido no artº 68 do R.D.L. 2/00., xa que a factura presentada, xunto coas anteriormente aprobadas supón un incremento sobre o inicialmente orzamentado e adxudicado, polo que de conformidade co establecido no artº 210 do citado corpo legal, debería de adxudicarse o contrato mediante procedemento negociado sen publicidade ou concurso.

II.- De conformidade co establecido, no art. 68 do Real decreto lexislativo 2/00 non poderá fraccionarse un contrato con obxecto de diminuír a contía do mesmo, debendo abarcalo expediente a totalidade do obxecto do contrato, non obstante cando o obxecto admita fraccionamento, se xustificará debidamente no expediente, poderá preverse no mesmo a realización independente de cada unha de súas partes, podendo celebrarse un só contrato para a adxudicación das mesmas si o contido foise substancialmente idéntico. No presente expediente produciuse un fraccionamento do contrato, si ben o obxecto do mesmo é idéntico.

III.- Os traballos executados supuxeron un beneficio para o Concello, xa que supoñen un grave prexuízo económico ó deixar de ingresar-las cotas atrasadas por non estar incluídas as fincas no padrón de Bens Inmóveis de Natureza Urbana mediante as altas presentadas polos contribuíntes no Centro de Xestión Catastral, polo que de non aboarse ó contratista a factura polos traballos realizados supoñería un enriquecemento indebido para esta Administración municipal, que ven obrigada a restablecer o equilibrio económico aboando a Otinca S.L. a cantidade debida polos traballos executados, non sendo imputable á mesma a ausencia dos trámites legais na adxudicación dos citados traballos. Este enriquecemento inxusto foi recollido de forma reiterada pola xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentencia 12.1.43, 2.5.60, 12.3.64 e 22.1.75), que o establece como un principio de noso ordenamento xurídico, mediante a técnica civilística da causación que supón a existencia dun enriquecemento inxusto co conseguinte empobrecemento no patrimonio de outro suxeito así como unha relación de causalidade do desprazamento patrimonial, debéndose restablecer o equilibrio económico para evita-lo enriquecemento inxustifico da Administración municipal.

IV.- Que estando obrigado o Concello a restablece-lo equi-

librio económico, para que non se produza un enriquecemento inxusto, o procedemento normal sería o recoñecemento extraxudicial da débeda, pola Alcaldía no caso xa que existe dotación orzamentaria, de conformidade co establecido no artº 60 do Real decreto 500/90.

V.- Que é competencia do Pleno a resolución, de conformidade co disposto no artº 60 do R.D 500/90, e base 17.1 das de execución do orzamento de 2000.

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de dezanove Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e coa abstención de cinco Concelleiros (os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda prestar aprobación á factura número 221 de data 15 de xuño de 2000 por importe de 1.305.600 pts presentada pola empresa Otinca, S.L., correspondente á "tramitación, investigación, valoración e inclusión no padrón do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana das altas presentadas polos contribuíntes", con recoñecemento extraxudicial da débeda contraída por este Concello coa empresa Otinca, S.L., ordenando seu pago a dita empresa con cargo á partida 001.511-22706 do orzamento de 2000 (RC nº 2000-27.242).

#### **6.- ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DE TRIBUTOS MUNICIPAIS: MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DOS IMPOSTOS MUNICIPAIS SOBRE:**

##### **A) VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio á aprobación inicial da modificación das Ordenanzas fiscais reguladoras dos impostos municipais sobre vehículos de tracción mecánica, incremento do valor dos terreos de natureza urbana e anexo da clasificación das rúas contido na ordenanza reguladora do imposto municipal sobre actividades económicas.

Aberto o debate, intervén don Xosé Luis Veiga Lage, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que o que se trae aquí son tres ordenanzas e por facilita-lo posible debate vai falar unha a unha; en canto a ordenanza do imposto de actividades económicas en realidade non hai unha modificación da ordenanza, simplemente un cambio no rueiro onde se aplica o imposto, cambio que se produce basicamente porque o rueiro anterior tiña varios anos e neste proceso a cidade medrou, mellorou en servicios e o que se trata de recoller son eses cambios que se produciron en determinadas rúas en canto a mellores servicios, mellor mobiliario ou que quedan incrustadas no que se pode chamar casco urbano e tamén hai un segundo criterio, que é de harmonización e equilibrio entre rúas porque a veces aparecían rúas con distinta categoría cando en realidade formaban un todo coas outras, abundando un pouco máis, o que se fai é pasar Barcelos, Marquesa, Orense e Enrique Labarta de segunda a primeira categoría; Eduardo Pondal, Pastor Díaz, San Roque y rúa San Blás de terceira ca-

tegoría a segunda; Paseo Valle Inclán e Iglesias Vilarelle de primeira a segunda, descenden por esa pretensión de harmonización entre rúas e La Barca, Calvo Sotelo, Gerardo Álvarez Limeses, Paco Leis, Padre Gaite e Campo da Torre de cuarta a terceira categoría, e por último o Polígono empresarial do Campiño pasaría de quinta, que é unha categoría destinada ó non clasificable e ó rural, a cuarta categoría.

A continuación concédese a palabra ó portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, o cal manifesta que pediría la retirada del orden del día del punto correspondiente a esta ordenanza porque entiende que, al igual que las otras, está hecho de una forma muy precipitada, incluso chapucera, que de alguna forma se ve en cada uno de los informes que en ellas aparecen, donde hasta las instrucciones dadas por el señor Teniente de Alcalde son las mismas para todas, habla de que se debe de efectuar una actualización de las tarifas y es cierto en unas pero en otras no tiene absolutamente nada que ver, por tanto se ve que está hecho el documento igual para todas cambiando simplemente el encabezamiento; cree que efectivamente hay que acometer esto, pero hay que hacerlo seriamente y estudiarlo más, máxime cuando ya queda claro que no puede entrar en vigor esta ordenanza el día primero de año, con lo cual sería exactamente igual retrasarlas un mes, traerlas al Pleno siguiente y hacer bien las cosas y, dice esto, porque está claro que hay un afán recaudador en esta modificación al meter nuevas calles o cambiarles la categoría, pero en el listado de calles que tiene se puede observar que hay algunas que no se tocan y que realmente habría que bajarles la clasificación y probablemente a otras subírselas, pero hacerlo de una forma, repite, más seria y concienzuda y el Partido Popular se presta a estudiarlo en la Comisión correspondiente, pues hasta los informes de Secretaría e Intervención dicen claramente que hay una ausencia de informes de técnicos cualificados que avalen estas reclasificaciones de las calles, ya que esto incluso puede afectar a otras tasas o impuestos municipales, pero se ha hecho a última hora y corriendo con un informe del 26 de diciembre del Ingeniero municipal donde en poco más de tres o cuatro dice que la propuesta de modificación se justifica por el restablecimiento del equilibrio económico dentro de una zona, caso de Enrique Labarta o Pastor Díaz, y en las otras porque se han hecho pavimentaciones, aceras, alumbrado, y les parece que es ridículo que esto sea la base para cambiarlo, cree que eso debe de hacerse bien y pide la retirada de la orden del día comprometiéndose a prestar su apoyo, pero sino se retira de la orden del día su postura va ser abstenerse concretamente en esta ordenanza.

De novo intervén o señor Veiga Lage, dicindo que a súa intención é non retirala, porque entende que o señor Pedrosa aduce cuestións puramente formais e non entra no fondo e se existira algunha argumentación de fondo o valorarían, pero cre que se queda no formal, efectivamente existen eses informes, pero non entra nin entrará nunca no contido do informe dun

técnico, pois cada un emite o informe que quere, pero dado que no grupo popular están dispostos a traballar neste tema, non ten ningún problema en que ó longo do ano se poida seguir traballando e estudiando rúa por rúa para ver cal é a súa clasificación máis correcta, unha cousa non quita a outra.

Intervén novamente o señor Pedrosa dicindo que evidentemente el Partido Popular entra en lo formal, no pretende aprobar una ordenanza informal, eso lo garantiza.

A continuación concédese a palabra a don Xosé Luis Veiga Lage, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que en canto á ordenanza sobre vehículos de tracción mecánica basicamente se respecta a anterior, simplemente se inclúe unha exención, que é unha petición dos propietarios de vehículos antigos, que ademais non é nova no Concello pois a teñen feito de forma reiterada, algo que moitos concellos teñen xa recollido na súa ordenanza e entón simplemente se recolle a maiores a exención ou bonificación para os vehículos históricos, deixando claro que esta exención é exclusivamente para aqueles vehículos catalogados como históricos, que están censados en clubs e que non teñen permiso para circular libremente, senón só para actividades relacionadas con esta natureza de vehículos históricos.

Intervén seguidamente don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, dicindo que en esta ordenanza no solamente se añade el artículo 3 para los vehículos con antigüedad superior a los 25 años, que les parece perfecto ya que, como recordaba ayer en la Comisión, hace más de dos años en un Pleno, cree que por unanimidad, se aprobó algo parecido a petición del Real Automóvil Club de España por tanto le parece bien que se recoja aquí, pero también se aprovecha para incluir un nuevo articulado en el tipo de turismos, que son los de más de 20 caballos fiscales, que por ley podían estar incluidos hace dos años y se incluyen por primera vez este año, por lo tanto hay alguna modificación más; repite que se ve que está hecha tarde, mal y a todo correr, se trae a Comisión veinticuatro horas antes, aparecen múltiples errores en todos los papeles, como el que dice que en la ordenanza actualmente hay cosas que no estaban reguladas pero que pese a ello se estaban aplicando, o el típico error del ordenador de coger lo mismo para todos y se habla del impuesto sobre el incremento de valor de los terrenos donde se tenía que hablar del de vehículos, o cosas como recogen los informes del Secretario e Intervención que el plazo sea trimestral no de seis meses, o que la entrada en vigor sea el 1 de enero, que está claro que no puede ser, por tanto hubiese sido mucho mejor que lo hubieran traído hace un mes y podría entrar en vigor el 1 de enero, a pesar de todo eso en esta ordenanza el Partido Popular va a votar a favor.

De novo concédese a palabra a don Xosé Luis Veiga Lage, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que na ordenanza sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana o que se recollen son modifica-

cións legais que se produciron con posterioridade á súa última actualización, basicamente en tres aspectos, por un lado se establecen as condicións para disfrute da exención sinalada no artigo 16.1 da Lei Reguladora de Facendas Locais, que se refire ás exencións por transmisións de bens que se encontran dentro do perímetro do chamado Centro Histórico, que quedarían exentas se se cumpren determinadas condicións; por outro lado se introduce unha bonificación para as transmisións por heranzas, que a Lei de Facendas Locais o recolle como unha potestade que teñen as Corporacións Locais, se recolle esta potestade non de forma xeneralizada senón atendendo ademais a unha moción que se aprobou neste Pleno para favorecer a aquelas familias de rendas baixas e por último se establece tamén a redución que debe operar a partir da revisión dos valores catastrais, eses son basicamente os tres elementos que se recollen, a parte dalgunhas modificacións en preceptos legais nos termos da ordenanza, o resto basicamente é a ordenanza anterior.

Seguidamente intervén don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, diciendo que en esta ordenanza, que ayer fue la que más debate tuvo en Comisión, estaría dispuesto a votar a favor pero con unos ligeros cambios que pasa a explicar, está totalmente de acuerdo con las exenciones del conjunto histórico-artístico y le parece bien que se incluyan, entiende que en el artículo 4 aparecen unos incrementos de los valores generados según los años de antigüedad y ya hizo una puntualización en la Comisión porque por sentido común parecía que estaba mal, pues aparece que para los incrementos de los valores generados en el período comprendido entre uno y cinco años se aplicaba un porcentaje del 2'5, para diez años 2'3, para quince años 2'2 y luego hasta veinte años el 2'3 y por lógica parecía que había un error, y aunque el grupo de gobierno manifestó que ya estaba así y que no se variaba, sigue manteniendo que es un error, pues la Ley 39 establece unos topes, superiores a los que hay en este Ayuntamiento, que son para cinco años 3'2, para diez años 3, para quince años 2'8, para veinte años 2'7, por tanto está claro que van a la baja y que es un error que aparezca 2'3 para veinte años, entonces pediría que se baje a 2'1 siguiendo lo que es el espíritu de la ley, pues aunque evidentemente podría ser legal parece absurdo que un bien que tenga más de veinte años pague más que uno de quince, por lo pide que se corrija; en el artículo 6, en lo que es la deuda tributaria, está de acuerdo en que se incluya la bonificación del 95% de las transmisiones de vivienda habitual, pero entiende que no queda bien recogido, pues les parece bien que se ponga el salario mínimo interprofesional para beneficiar a las familias con menor salario, pero queda ahí una laguna importante, que por otro lado la Ley 19/91 de Patrimonio o la Ley 29/87 de la Renta de las Personas Físicas lo recogen ya de alguna manera y es el tope en el otro sentido, es decir le parece bien ese salario mínimo interprofesional multiplicado por dos, pero podía

darse la paradoja de que un señor que no llegue a ese salario y que tendría derecho a este 95% esté heredando en ese momento 17 edificios o 25 pisos y se le esté haciendo la bonificación cuando resulta que pasa a ser muchísimo más rico que la media de la gente, por tanto pide que ahí se añada ese tope que, repite, ya aparece recogido en dos leyes, y donde se añada, por una lado, que esa vivienda habitual no pueda transmitirse en los próximos diez años y, por otro lado, que se ponga un límite por sujeto pasivo de 20 millones de pesetas en esa herencia, es decir que si la herencia es superior a 20 millones que tribute y que no tenga ese reducción del 95% y que si en la herencia sólo aparece la vivienda, si su valor es superior a 25 millones de pesetas que se contemple también que entonces pague, es decir que con esto se está favoreciendo a esos salarios mínimos pero poniendo el límite en lo que correspondería a la herencia, 20 millones por sujeto pasivo y 25 el valor de la vivienda y eso se recoge en las distintas leyes y sobre todo en la Resolución 2/99, de 23 de marzo, de la Dirección General de Tributos relativa a la aplicación de esas reducciones, entonces el Partido Popular si se modificasen esos dos apartados votaría a favor de la misma.

Intervén o señor Veiga Lage diciendo que en principio podría no haber problema, pero cre que isto debeuno expoñer onte na Comisión de Facenda, en todo caso e salvo as complicacións posibles a nivel de xestión do imposto, que terían que velas, en principio no da base imponible poñer en vez de o 2,3 o 2,1, que o señor Pedrosa entende que é un erro, erro que o anterior grupo de goberno aplicou durante catro anos, pola súa parte non habería ningún problema a modificalo.

Contéstalle o señor Pedrosa Fernández que en los cuatro años anteriores no se tocó esta ordenanza, viene incluso de más atrás.

Manifesta o señor Veiga Lage que ó que se refería era a que se aplicou e logo no termo de incluír dez anos como data tope para non transmiti-la vivenda parécelle correcto, pero non sabe se logo os seguintes termos introducen excesiva dificultade de xestión.

O señor Pedrosa Fernández volve a intervenir, diciendo que cree que no, pues esto tiene que ser a petición del interesado, no lo tiene que hacer el Ayuntamiento, por lo tanto el interesado tendrá que demostrar de alguna forma que no supera esos 25 millones el valor de la vivienda para la que está pidiendo la bonificación o tendrá que demostrar que la herencia supera o no esos 20 millones por sujeto pasivo.

A continuación intervén o portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, don Roberto Taboada Rivadulla, diciendo que no va a aceptar ninguna modificación, se va a ratificar en el dictamen de la Comisión tal y como el grupo socialista lo ha aceptado, pues entiende que las aportaciones que hace el Partido Popular, que incluso algunas podrían ser interesantes, también se pueden recoger más adelante, pues no necesariamente este tema queda cerrado en el futu-

ro y no va a criticar la posición del Partido Popular, que está dentro de sus facultades adoptar en las Comisiones la postura de abstención y una vez que tenga estudiado el tema atinar más la cuestión en el Pleno, pero en todo caso tal y como lo han dictaminado en Comisión es así como lo va a mantener, por lo tanto las tres ordenanzas va a votarlas a favor, pero si el equipo de gobierno acepta la propuesta del Partido Popular se abstendría en el caso concreto de la ordenanza del impuesto sobre el incremento del valor de los terrenos de naturaleza urbana; entiende que efectivamente estas tres ordenanzas tienen en principio una revisión técnica de aplicación estricta de la ley, de una actualización conforme a la legislación vigente y no cree ni comparte que el fondo de estas tres ordenanzas sea el afán recaudador, en todo caso es un afán de racionalizar, de unificar criterios, de homogeneizar el impuesto ante situaciones de desigualdad y sobre todo en cuanto a valores comerciales en zonas, en calles, etc., aunque evidentemente también destila un cierto sesgo político, insuficiente a su juicio, pues con respecto a la moción que en su momento fue aprobada con el apoyo unánime de este Pleno sobre las bonificaciones fiscales a familias más desfavorecidas o con bajo poder adquisitivo, es verdad que tiene un cierto tinte de intentar beneficiar a los más necesitados con esa bonificación del 95% y por lo tanto tiene ese tinte político que al grupo socialista le satisface, aunque considera que todavía no es suficiente, por lo tanto son retoques que se hacen en estas tres ordenanzas que cree que las van a mejorar; sobre algunos apuntes que ha hecho el señor portavoz del Partido Popular respecto al impuesto sobre el incremento del valor de los terrenos, insiste en que podría estar de acuerdo en algún tema, pero el ejemplo que pone del caso de un señor que de repente tenga una gran herencia cree que eso es excepcional, no es una cuestión generalizada, pero en todo caso estas tres cuestiones que plantea probablemente las hubiera recogido ayer en la Comisión sin ningún problema, de todas maneras considera que aunque la ordenanza se apruebe tal como se dictaminó puede tener en el futuro un reajuste sin ningún problema, pero su posición queda clara, se ratifica en todas las posiciones de la Comisión informativa correspondiente.

Intervién a continuación don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, diciendo que a lo mejor el grupo socialista conocía estas ordenanzas hace un mes, pero el Partido Popular las conoció ayer y cree que en 24 horas han demostrado que las han estudiado, que hacen aportaciones nuevas y que tienen una cierta capacidad de trabajo aunque se nos dé con poco tiempo, evidentemente le hubiera gustado haber hecho estas modificaciones en la Comisión de ayer, por eso pide la retirada de una de las ordenanzas del orden del día y de la otra propone ahora las modificaciones, pues evidentemente para eso está este Pleno, en todo caso el señor Alcalde sabrá lo que hace.

Seguidamente don Xosé Luis Veiga Lage manifiesta que como



equipo de goberno van mante-las ordenanzas tal e como foron dictaminadas e recollen esa vontade do Partido Popular de traballar en melloralas e non hai ningún problema en que en futuras Comisións se poida traballar nese sentido, pero cre que agora non é o momento de entrar a modificar o que foi dictaminado na Comisión de Facenda.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinado o expediente tramitado para a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Resultando relevantes os seguintes

#### FEITOS:

1º.- Pola Xefa do Servicio de Xestión e Inspección Tributaria se emite informe con data 23 de novembro de 2000 no que, entre outros extremos, indica que os puntos máis sobresaíntes da modificación son: establece-las condicións para o aproveitamento da exención sinalada na Lei reguladora das facendas locais para os denominados "vehículos históricos" e tamén determinadas modificacións legais que non estaban reguladas na Ordenanza.

2º.- O señor Secretario Xeral con data 21 de decembro de 2000 emite o preceptivo informe no que, entre outros extremos, indica que o informe emitido pola Xefa do Servicio de Xestión e Inspección Tributaria é conforme, en liñas xerais, co ordenamento xurídico vixente, se ven sinala que na disposición final debe concretarse que a súa vixencia será a partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia do texto íntegro da Ordenanza aprobada definitivamente.

3º.- O señor Interventor Xeral, con data 22 de decembro de 2000, emite informe no que, entre outros extremos, indica que:

- A Ordenanza que se examina non recolle a totalidade da normativa referida ó imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) por canto coexiste a normativa da Lei 39/88 reguladora das facendas locais (arts. 93 ó 100), e que ademais da Ordenanza deberán aplicarse este mesmos artigos.

- O noso xuízo soamente debería ser obxecto de regulamento por Ordenanza Fiscal aquilo que unha disposición legal autorice á Corporación para fixar mediante o exercicio da potestade regulamentaria, distintos niveis de bonificacións e exaccións, e así procedeuse cando se variaron as cotas das tarefas do artigo 96.1 ó aplicar o coeficiente 1,2 permitíndose ata o 1,9, modificación que foi aprobada e publicada no BOP; cotas que desde entón véñense aplicando, e polo tanto non entendemos como nesta Ordenanza se inclúen as cotas primitivas facendo mención no artigo 4.2 que será incrementada pola aplicación dun coeficiente 1,2, incremento que xa se produciu.

- Así mesmo a Lei 50/98, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, posibilita incluír na orde fiscal unha bonificación de ata o 100% da cota do Imposto incrementada para os vehículos históricos o aqueles que

teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, bonificación recollida no artigo 3 da citada Ordenanza, na que se debería facer mención "a maiores das exencións e bonificacións sinaladas no artigo 94.1 poderán gozar dunha bonificación de ata o 100%", e non como se establece no citado texto que indica "disfrutarán dunha bonificación do 100%", sen que exista no expediente decisión política que ampare que os redactores da Ordenanza inclúan tal proposta.

- Así mesmo ademais de que a bonificación deberá ser rogada tal como recolle o artigo 94.2 para as outras bonificacións, cremos que ademais do sinalado no artigo 3.2 da Ordenanza debería facerse referencia a vehículos históricos ou aqueles outros cunha antigüidade mínima de 25 anos e que só teñan permiso de circulación para eventos tales como exhibicións, certames ou carreiras limitadas os desta natureza.

- Polo que afecta as normas de xestión, se introducen no artigo 5.4 que o aboamento das cotas anuais realizárase dentro do 1º semestre de cada exercicio, criterio que non esta avalado por unha decisión política e incluso é contrario ós intereses municipais, xa que non realizar o cobro no 1º trimestre do ano como é tradicional en moitos concellos e no noso, vai producir desfases na Tesourería, polo que a matrícula do imposto deberá someterse a aprobación (actualmente CMG) cun mes de antelación a data do devengo do imposto.

- Así mesmo deberá modificarse o texto da disposición final, de conformidade co establecido no artigo 97.1 en relación co artigo 17.4 ámbolos dous da LRFL no senso de que a Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no BOP o texto íntegro dela, disposición final que non é congruente co informe emitido polo Servicio de Xestión no punto 6º. Así mesmo no devandito informe debería substituírse no punto 1 a referencia do Imposto do incremento do valor dos terreos de natureza urbana polo de Imposto de vehículos de tracción mecánica.

Considerando de aplicación os seguintes

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- De conformidade co artigo 47.3.h) da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, esixe que a imposición e ordenación dos recursos propios do Concello de carácter tributario se aprobe polo Pleno da Corporación co voto favorable da maioría absoluta legal dos seus membros.

II.- O procedemento a seguir para a aprobación da modificación das Ordenanzas fiscais se axustará ós trámites establecidos no artigo 49 da devandita Lei 7/1985 en relación co artigo 70.2 e artigo 17 da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais.

III.- A competencia para a aprobación das Ordenanzas está atribuída ó Pleno da Corporación de conformidade co establecido no artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esixíndose para a validez do acordo a maioría absoluta legal dos membros da Corporación (art. 47-3-h).

O Pleno da Corporación, por unanimidade, e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto municipal de vehículos de tracción mecánica.

SEGUNDO.- Dispor que a modificación aprobada inicialmente se someta a información pública polo período de trinta días hábiles a efectos de reclamacións e suxestións mediante anuncio que se inserirá no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

TERCEIRO.- Resoltas as reclamacións polo Pleno da Corporación, de se-lo caso, ou elevado a definitivo o acordo provisional por non se presentar, procederáse á publicación do texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se efectúe a citada publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

CUARTO.- O texto íntegro da ordenanza fiscal modificada e do teor literal seguinte:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DEL IMPUESTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA.

#### ARTICULO 1.

1. De conformidade con lo establecido en el art. 60 de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales, el Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica es un tributo de imposición obligatoria que se exigirá de acuerdo con dicha Ley y las disposiciones que la desarrollan.

2. Al amparo de lo dispuesto en el art. 106 de la Ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora de las Haciendas Locales, el Ayuntamiento de Pontevedra procede a aprobar la presente Ordenanza Fiscal que tiene por objeto regular aquellos aspectos que la Ley remite a su determinación por parte de la Corporación.

#### ARTICULO 2. SUJETO PASIVO

1. Son sujetos pasivos de este Impuesto las personas físicas o jurídicas y las entidades a que se refiere el art. 33 de la Ley General Tributaria a nombre de quien figure el vehículo en el permiso de circulación.

2. Excepcionalmente tendrá la condición de sujeto pasivo del Impuesto quien figure en el Registro de la Dirección General de Tráfico como poseedor, como consecuencia de la comunicación de la transferencia del vehículo realizada por el transmitente y aunque no estuviesen cumplimentados todos los tramites a cargo del adquirente.

#### ARTICULO 3. EXENCIONES Y BONIFICACIONES

1. A mayores, de las exenciones y bonificaciones señaladas en el artículo 94.1, los vehículos históricos o todos aquellos que tengan una antigüedad superior a veinticinco años, contados a partir de la fecha de su fabricación, y que solo tengan permiso de circulación para eventos tales como exhibiciones, certámenes o carreras limitadas a los de esta naturaleza, dis-

frutarán de una bonificación del 100 por 100 de la cuota incrementada del Impuesto. Si no se pudiera acreditar la fecha de fabricación el plazo se contará desde la primera matriculación o, en su defecto, desde la fecha en que el correspondiente tipo o variante se dejó de fabricar.

2. A estos efectos se requerirá que acrediten su pertenencia como socios de los Clubes legalmente constituidos y que pertenezcan a la Federación Española de Vehículos Antiguos

3. Esta exención tendrá carácter rogado y deberá acreditarse lo previsto en este artículo.

#### ARTICULO 4.

1. El Impuesto se exigirá con arreglo al cuadro de tarifas establecido en el artículo 96.1 de la Ley 39/88, de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales.

	Cuota Año:
	ptas.
1 Turismos:	
1.1 De menos de 8 caballos fiscales	2.520
1.2 De 8 hasta 11,99 caballos fiscales	6.804
1.3 De 12 hasta 15,99 caballos fiscales	14.364
1.4 De 16 hasta 19,99 caballos fiscales	17.892
1.5 De 20 caballos fiscales en adelante	22.362
2 Autobuses:	
2.1 De menos de 21 plazas	16.632
2.2 De 21 a 50 plazas	23.688
2.3 De más de 50 plazas	29.610
3 Camiones:	
3.1 De menos de 1.000 kg. de carga útil	8.442
3.2 De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil	16.632
3.3 De más de 2.999 a 9.999 kg. de carga útil	23.688
3.4 De más de 9.999 kg. de carga útil	29.610
4 Tractores:	
4.1 De menos de 16 caballos fiscales	3.528
4.2 De 16 a 25 caballos fiscales	5.584
4.3 De más de 25 caballos fiscales	16.632
5. Remolques y semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:	
5.1 De menos de 1.000 y más de 750 kg. de carga útil	3.528
5.2 De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil	5.584
5.3 De más de 2.999 kg. de carga útil	16.632
6 Otros vehículos:	
6.1 Ciclomotores	882
6.2 Motocicletas hasta 125 c.c.	882
6.3 Motocicletas de más de 125 hasta 250 c.c.	1.512
6.4 Motocicletas de más de 250 hasta 500 c.c.	3.024
6.5 Motocicletas de más de 500 hasta 1.000 c.c.	6.048
6.6 Motocicletas de más de 1.000 c.c.	12.096

Para la aplicación de la tarifa anterior se tendrá en cuenta las siguientes reglas:

- El concepto de las diversas clases de vehículos relacionados en la tarifa será el recogido en la Orden de 16 de julio de 1984.

- Se entenderá por furgoneta el resultado de adaptar un

vehículo turismo al transporte mixto de personas y cosas mediante la supresión de asientos y cristales, alteración de tamaño o disposición de las puertas o otras alteraciones que no modifiquen esencialmente el modelo del que se deriva.

Los motocarros tendrán la consideración, a efectos de este Impuesto, de motocicletas y, por lo tanto, tributarán por cilindrada, siempre que su tara no exceda de 400 kg., en este caso tributará como camión.

- En los casos en que conste en la tarjeta de inspección técnica dos valores distintos para PTMA (peso técnico máximo autorizado) y PMA (peso máximo autorizado) respectivamente, se aplicará a efectos de tarifa el valor que corresponda al PMA indicador del mayor peso en carga con que se permite la circulación, conforme lo indicado en el código de la circulación.

#### ARTICULO 5. NORMAS DE GESTION.

1. El instrumento acreditativo del pago de este impuesto será la carta de pago debidamente diligenciada de haberse producido el ingreso de la cuota en la Tesorería Municipal o en alguna Entidad Colaboradora para la gestión de tributos.

2. Para solicitar en la Jefatura Provincial de Tráfico la matriculación, la certificación de aptitud para circular o la baja definitiva de un vehículo, el interesado deberá acreditar previamente el pago del impuesto mediante la presentación del instrumento acreditativo mencionado en el número anterior.

3. Se podrá establecer la obligación del sujeto pasivo de autoliquidar su deuda tributaria, utilizando los impresos que, con este fin, disponga la Administración Municipal.

4. En el caso de vehículos ya matriculados o declarados aptos para circular, el pago de las cuotas anuales se realizará dentro del primer Trimestre de cada ejercicio económico.

5. No será necesaria la notificación expresa de las modificaciones reflejadas en la Matrícula anual del Impuesto, cuando éstas provengan de declaraciones, documentos o impresos presentados por el obligado tributario o su representante, salvo que se haya modificado lo consignado en los mismos.

6. La devolución de las cuotas trimestrales a que tenga derecho el sujeto pasivo en los casos de baja del vehículo deberá ser solicitada por éste, y se tramitará conforme a las normas que rigen la devolución de ingresos indebidos.

#### DISPOSICION FINAL.

La presente Ordenanza Fiscal, que consta de cinco artículos y dos disposiciones adicionales, ha sido aprobada por el Pleno en sesión celebrada el veintiocho de diciembre de 2000, entrará en vigor el día de su publicación en el B.O.P., y se aplicará en tanto no se acuerde su denegación o modificación.

#### **B) INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.**

Examinado o expediente tramitado para a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Resultando relevantes os seguintes

#### FEITOS:

1º.- Pola Xefa do Servicio de Xestión e Inspección Tribu-

taria se emite informe con data 14 de abril de 2000 no que, entre outros extremos, indica que os puntos máis sobresaíntes da modificación son:

- Establece-las condicións para o aproveitamento da exención sinalada no artigo 106.1.d) da Lei reguladora das facendas locais.

- Introducir unha bonificación para a transmisión "mortis causa" da vivenda habitual do causante de acordo co artigo 109.4 da Lei de facendas locais.

- Establece-la redución que debe operar como consecuencia do novo relatorio de valores segundo o establecido no artigo 108.7 da Lei de facendas locais.

- Introducir determinadas modificacións legais non reguladas na Ordenanza vixente.

2º.- O señor Secretario Xeral con data 21 de decembro de 2000 emite o preceptivo informe no que, entre outros extremos, indica que o informe emitido pola Xefa do Servicio de Xestión e Inspección Tributaria é conforme, en liñas xerais, co ordenamento xurídico vixente, se ven sinala que a aplicación da ordenanza non poderá ser efectiva ata tanto non se publique integramente no BOP o texto aprobado definitivamente.

3º.- O señor Interventor Xeral, con data 22 de decembro de 2000, emite informe no que, entre outros extremos, indica que:

- No proxecto de ordenanza fiscal non se contempla toda a normativa contida nos artigos 105 a 11 da Lei reguladora das facendas locais.

- No artigo 6 da ordenanza se inclúe unha bonificación polo importe do 95 % que autoriza a Lei 50/98, de 30 de decembro, de Medidas fiscais administrativas e de orde social "ata o 95%", sen que exista unha valoración política que apoie os aspectos substantivos e formais da bonificación e o límite máximo da bonificación.

- A Disposición final tamén terá que ser modificada no sentido de que a ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o texto da mesma no BOP, que así se recolle no informe da Técnico no punto 6.

Considerando de aplicación os seguintes

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- De conformidade co artigo 47.3.h) da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, esixe que a imposición e ordenación dos recursos propios do Concello de carácter tributario se aprobe polo Pleno da Corporación co voto favorable da maioría absoluta legal dos seus membros.

II.- O procedemento a seguir para a aprobación da modificación das Ordenanzas fiscais se axustará ós trámites establecidos no artigo 49 da devandita Lei 7/1985 en relación co artigo 70.2 e artigo 17 da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais.

III.- A competencia para a aprobación das Ordenanzas está atribuída ó Pleno da Corporación de conformidade co establecido no artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esixíndose para a validez do acordo

a maioría absoluta legal dos membros da Corporación (art. 47-3-h).

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e co voto en contra de nove Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

SEGUNDO.- Dispor que a modificación aprobada inicialmente se someta a información pública polo período de trinta días hábiles a efectos de reclamacións e suxestións mediante anuncio que se inserirá no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

TERCEIRO.- Resoltas as reclamacións polo Pleno da Corporación, de se-lo caso, ou elevado a definitivo o acordo provisional por non se presentar, procederase á publicación do texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se efectúe a citada publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

CUARTO.- O texto íntegro da ordenanza fiscal modificada e do teor literal seguinte:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DEL IMPUESTO SOBRE EL INCREMENTO DE VALOR DE LOS TERRENOS DE NATURALEZA URBANA.

En cumprimento de lo dispuesto en los artículos 15.1 y 60.2 en relación con los artículos 105 al 111 de la Ley 39/88 de 28 de diciembre, reguladora de las Haciendas Locales, este Ayuntamiento establece el Impuesto sobre el Incremento del Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana.

#### ARTICULO 1º HECHO IMPONIBLE

1.- Constituye el hecho imponible del impuesto el incremento de valor que experimenten los terrenos de naturaleza urbana y que se ponga de manifiesto a consecuencia de la transmisión de su propiedad por cualquier título o de la constitución o transmisión de cualquier derecho real de goce, limitativo del dominio, sobre los referidos bienes.

2.- No está sujeto a este Impuesto el incremento de valor que experimenten los terrenos que tengan la consideración de rústicos a efectos del Impuesto sobre Bienes Inmuebles.

#### ARTICULO 2º EXENCIONES

1.- Se aplicarán las exenciones previstas en las Leyes, Acuerdos y Tratados Internacionales.

2.- Estarán exentas las transmisiones de bienes que se encuentren dentro del perímetro delimitado como Conjunto Histórico-Artístico por Decreto de 23 de febrero de 1.951 o hayan sido declarados individualmente como de interés cultural, según lo establecido en la Ley 16/1985, del Patrimonio Histórico Español, cuando sus propietarios acrediten que en el plazo de

tres años anteriores a la transmisión han efectuado a su cargo en dichos inmuebles obras de remodelación, conservación o mejora por un importe no inferior al valor catastral total del inmueble transmitido. A estos efectos, no se incluirán en el cómputo del importe las obras de ornato y limpieza.

Para disfrutar de esta exención, los sujetos pasivos deberán acreditar los anteriores extremos. A estos efectos, en el plazo de declaración de la transmisión solicitarán, simultáneamente a la declaración que deben presentar a efectos de este impuesto, la referida exención, indicando la fecha de concesión de la Licencia Municipal, que marcará el inicio del plazo de tres años a que se refiere el párrafo anterior.

#### ARTICULO 3º SUJETOS PASIVOS

1. Es sujeto pasivo del impuesto a título de contribuyente:

a) En las transmisiones de terrenos o en la constitución o transmisión de derechos reales de goce limitativos del dominio a título lucrativo, la persona física o jurídica, o la entidad a que se refiere el artículo 33 de la Ley General Tributaria, que adquiera el terreno o a cuyo favor se constituya o transmita el derecho real de que se trate.

b) En las transmisiones de terrenos o en la constitución o transmisión de derechos reales de goce limitativos del dominio a título oneroso, la persona física o jurídica, o la entidad a que se refiere el artículo 33 de la Ley General Tributaria, que transmita el terreno, o que constituya o transmita el derecho real de que se trate.

2. En los supuestos a que se refiere la letra b) del apartado anterior, tendrá la consideración de sujeto pasivo sustituto del contribuyente, la persona física o jurídica, o la entidad a que se refiere el artículo 33 de la Ley General Tributaria, que adquiera el terreno o a cuyo favor se constituya o transmita el derecho real de que se trate, cuando el contribuyente sea una persona física no residente en España.

3. De conformidad con lo establecido en el art. 36 de la Ley General Tributaria, la posición del sujeto pasivo no podrá ser alterada por pactos o convenios entre las partes; estos pactos, de existir, no surtirán efectos frente a la Administración, sin perjuicio de sus consecuencias jurídico-privadas.

#### ARTICULO 4º BASE IMPONIBLE

1.- La base imponible de este impuesto está constituida por el incremento real del valor de los terrenos de naturaleza urbana puesto de manifiesto en el momento del devengo y experimentado a lo largo de un período máximo de veinte años.

2.- Para determinar el importe del incremento real a que se refiere el apartado anterior se aplicará sobre el valor del terreno en el momento del devengo el porcentaje que corresponda en función del número de años durante los cuales se hubiese generado dicho incremento.

3.- El porcentaje anteriormente citado será el que resulte de multiplicar el número de años expresado en el apartado anterior por el correspondiente porcentaje anual, que será:



a) Para los incrementos de valor generados en un período de comprendido entre uno y cinco años: 2,5

b) Para los incrementos de valor generados en un período de tiempo hasta 10 años: 2,3.

c) Para los incrementos de valor generados en un período de tiempo de hasta 15 años: 2,2.

d) Para los incrementos de valor generados en un período de tiempo de hasta 20 años: 2,3.

4.- A los efectos de determinar el período de tiempo en que se genere el incremento de valor, se tomarán tan solo los años completos transcurridos entre la fecha de la anterior adquisición del terreno de que se trate o de la constitución o transmisión igualmente anterior de un derecho real de goce limitativo del dominio sobre el mismo y la producción del hecho imponible de este impuesto, sin que se tengan en consideración las fracciones del año. En ningún caso el período de generación podrá ser inferior a un año.

5.- Cuando el terreno hubiere sido adquirido por el transmitente por cuotas o porciones en fechas diferentes, se considerarán tantas bases imponibles como fechas de adquisición hubieran habido, estableciéndose cada base de la siguiente forma:

a) Se distribuirá el valor del terreno proporcionalmente a la cuota o porción adquirida en cada fecha

b) A cada parte proporcional se aplicará el porcentaje de incremento correspondiente al período respectivo de generación del incremento de valor

#### ARTICULO 5º VALOR DEL TERRENO

1.- En las transmisiones de terrenos, el valor de los mismos en el momento del devengo será el que tenga fijado en dicho momento a efectos del Impuesto sobre Bienes Inmuebles.

No obstante, cuando dicho valor sea consecuencia de una Ponencia de valores que no refleje modificaciones de planteamiento aprobadas con anterioridad, se liquidará provisionalmente este impuesto con arreglo al mismo. En estos casos, en la liquidación definitiva se aplicará el valor de los terrenos obtenido conforme a lo señalado para la modificación de los valores catastrales en los apartados 2 y 3 del artículo 71 de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, referido al momento del devengo.

Cuando el terreno, aun siendo de naturaleza urbana en el momento del devengo del impuesto, no tenga fijado valor catastral en dicho momento, el Ayuntamiento practicará la liquidación cuando el referido valor catastral sea fijado.

2.- En la constitución y transmisión de derechos reales de goce, limitativos del dominio, sobre terrenos de naturaleza urbana, el porcentaje correspondiente se aplicará sobre la parte del valor definido en el apartado anterior que represente, respecto del mismo, el valor de los referidos derechos calculado según las siguientes reglas:

A) En el caso de constituirse un derecho de usufructo temporal su valor equivaldrá a un 2% del valor catastral del te-

rreno por cada año de duración del mismo, sin que pueda exceder del 70% de dicho valor catastral.

B) Si el usufructo fuese vitalicio su valor, en el caso de que usufructuario tuviese menos de veinte años, será equivalente al 70% del valor catastral del terreno, minorándose esta cantidad en un 1% por cada año que exceda de dicha edad, hasta el límite mínimo del 10% del expresado valor catastral.

C) Si el usufructo se establece a favor de una persona jurídica por un plazo indefinido o superior a treinta años se considerará como una transmisión de la propiedad plena del terreno sujeta a condición resolutoria, y su valor equivaldrá al 100% del valor catastral del terreno usufructuado.

D) Cuando se transmita un derecho de usufructo ya existente, los porcentajes expresados en las letras A), B) y C) anteriores se aplicarán sobre el valor catastral del terreno al tiempo de dicha transmisión.

E) Cuando se transmita el derecho de una propiedad su valor será igual a la diferencia entre el valor catastral del terreno y el valor del usufructo, calculado este último según las reglas anteriores.

F) El valor de los terrenos de uso y habitación será el que resulte de aplicar al 75% del valor catastral de los terrenos sobre los que se constituyan tales derechos las reglas correspondientes a la valoración de los usufructos temporales o vitalicios según los casos.

G) En la constitución o transmisión del derecho a elevar una o más plantas sobre un edificio o terreno o del derecho a realizar la construcción bajo suelo sin implicar la existencia de un derecho real de superficie, el porcentaje correspondiente se aplicará sobre la parte del valor catastral que represente, respecto del mismo, el módulo de proporcionalidad fijado en la escritura de transmisión o, en su defecto, el que resulte de establecer la proporción entre la superficie o volumen de las plantas a construir en vuelo o en subsuelo y la total superficie o volumen edificados una vez construidas aquéllas.

H) En la constitución o transmisión de cualesquiera otros derechos reales de goce limitativos del dominio distintos de los enumerados en las letras A), B), C), D), F) y G) de este artículo se considerará como valor de los mismos a los efectos de este impuesto:

a) El capital, precio o valor pactado al constituirlos, si fuese igual o mayor que el resultado de capitalización al interés básico del Banco de España de su renta o pensión anual.

b) Este último, si aquél fuese menor.

3.- En los supuestos de expropiación forzosa el porcentaje correspondiente se aplicará sobre el menor de los dos valores siguientes:

a) La parte del justiprecio que corresponda al valor del terreno.

b) El calculado conforme al apartado 1 del presente artículo.

4.- Cuando se fijen, revisen o modifiquen los valores catastrales con arreglo a lo previsto en los artículos 70 y 71 de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, y siempre que los nuevos valores sean superiores a los hasta se tomará, a efectos de la determinación de la base imponible de este Impuesto, como valor del terreno, o de la parte de éste según las reglas contenidas en los apartados anteriores, el 40% de los nuevos valores catastrales durante los cinco primeros años desde la entrada en vigor de los mismos.

#### ARTICULO 6° DEUDA TRIBUTARIA

1.- La cuota de este impuesto será el resultante de aplicar a la base imponible el tipo del 19%.

2.- Gozarán de una bonificación del 95% de la cuota del impuesto las transmisiones de la vivienda habitual del causante realizadas a título lucrativo por causa de muerte a favor de los descendientes y adoptados, los cónyuges y los ascendientes y adoptantes, de aplicación exclusivamente a las unidades familiares que tengan una renta inferior a dos veces el salario mínimo interprofesional. A estos efectos, se entiende por vivienda habitual aquélla que lo sea de acuerdo con las normas del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas. Los herederos deberán solicitar esta bonificación, acreditando la condición de vivienda habitual.

#### ARTICULO 7° DEVENGO

1.- El impuesto se devenga:

a) Cuando se transmita la propiedad del terreno, ya sea a título oneroso o gratuito, entre vivos o por causa de muerte, en la fecha de transmisión.

b) Cuando se constituya o transmita cualquier derecho real de goce limitativo del dominio, en la fecha en que tenga lugar la constitución o transmisión.

2.- A los efectos de lo dispuesto en el apartado anterior se considerará como fecha de transmisión:

a) En los actos o contratos entre vivos la del otorgamiento del documento público y, cuando se trate de documentos privados, la de su incorporación o inscripción en un Registro Público o la de su entrega a un funcionario público por razón de su oficio.

b) En las transmisiones por causa de muerte, la del fallecimiento del causante.

c) En las subastas judiciales, administrativas o notariales, se tomará excepcionalmente la fecha del auto o providencia aprobando el remate si en el mismo queda constancia de la entrega del inmueble. En cualquier otro caso se estará a la fecha del documento público.

d) En las expropiaciones forzosas, la fecha del acta de ocupación y pago.

3.- Cuando se declare o reconozca judicial o administrativamente por resolución firme haber tenido lugar la nulidad, rescisión o resolución del acto o contrato determinante de la transmisión del terreno o de la constitución o transmisión del derecho real de goce sobre el mismo, el sujeto pasivo tendrá

derecho a la devolución del impuesto satisfecho, siempre que dicho acto o contrato no le hubiere producido efectos lucrativos y que reclame la devolución en el plazo de cinco años desde la resolución quedó firme, entendiéndose que existe efecto lucrativo cuando no justifique que los interesados deban efectuar las recíprocas devoluciones a que se refiere el artículo 1.295 del Código Civil. Aunque el acto o contrato no haya producido efectos lucrativos, si la rescisión o resolución se declarase por incumplimiento de las obligaciones del sujeto pasivo del Impuesto, no habrá lugar a devolución alguna.

4.- Si el contrato queda sin efecto por mutuo acuerdo de las partes contratantes no procederá la devolución del impuesto satisfecho y se considerará como un acto nuevo sujeto a tributación. Como tal mutuo acuerdo se estimará la avenencia en acto de conciliación y el simple allanamiento a la demanda.

5.- En los actos o contratos en que medie alguna condición, su calificación se hará con arreglo a las prescripciones contenidas en el Código Civil. Si fuese suspensiva no se liquidará el impuesto hasta que ésta se cumpla. Si la condición fuese resolutoria se exigirá el impuesto desde luego, a reserva, cuando la condición se cumpla, de hacer la oportuna devolución según la regla del apartado 3 anterior.

#### ARTICULO 8º OBLIGACIONES DE LOS SUJETOS PASIVOS

1.- Los sujetos pasivos vendrán obligados a presentar ante este Ayuntamiento declaración de acuerdo con las normas contenidas en la presente Ordenanza.

2.- Las declaraciones se presentarán en los modelos determinados por el Ayuntamiento, que contendrán los elementos de la relación tributaria imprescindibles para la cuantificación de la deuda. En las dependencias municipales encargadas de la gestión de este Impuesto se prestará a los administrados el asesoramiento necesario para la adecuada cumplimentación de los citados modelos.

3.- A la declaración se acompañarán los documentos en que consten los actos o contratos que originan la imposición.

4.- Dicha declaración deberá ser presentada en los siguientes plazos, a contar desde la fecha en que se produzca el devengo del impuesto:

a) Cuando se trate de actos "inter vivos", el plazo será de treinta días hábiles.

b) Cuando se trate de actos por causa de muerte, el plazo será de seis meses prorrogables hasta un año a solicitud del sujeto pasivo.

5.- Si la presentación es efectuada por quien no posea la condición de sujeto pasivo, bien sea por mandato de éste, bien para dar cumplimiento a lo establecido en cláusulas privadas contenidas en las escrituras, sólo se entenderá cumplida la obligación de presentación por parte del sujeto pasivo si quien efectúe la presentación lo hace en su condición de representante de éste.

#### ARTICULO 9º LIQUIDACIONES

1.- A la vista de la declaración presentada según las nor-

mas contenidas en el artículo anterior, se practicará liquidación que será notificada al sujeto pasivo con indicación de recursos procedentes, plazos de ingreso y forma de efectuar el ingreso.

2.- En el caso previsto en el apartado 5 del artículo anterior, la liquidación será notificada a quien asuma la condición de representante.

#### ARTICULO 10° OBLIGACIONES DE PERSONAS DISTINTAS DEL SUJETO PASIVO

1.- Con independencia de lo dispuesto en el apartado primero del Artículo 17 están igualmente obligados a comunicar al Ayuntamiento la realización del hecho imponible en los mismos plazos que los sujetos pasivos:

a) En los supuestos contemplados en la letra a) del artículo 6° de la presente Ordenanza, siempre que se hayan producido por negocio jurídico entre vivos, el donante o la persona que constituya o transmita el derecho real de que se trate.

b) En los supuestos contemplados en la letra b) de dicho artículo, el adquirente o la persona a cuyo favor se constituya o transmita el derecho real de que se trate. En el caso previsto en el art. 8.5 se entiende cumplido este deber con la presentación de la declaración.

2.- Asimismo, los Notarios estarán obligados a remitir al Ayuntamiento, dentro de la primera quincena de cada trimestre, relación o índice comprensivo de todos los documentos por ellos autorizados en el trimestre anterior, en los que se contengan hechos, actos o negocios jurídicos que pongan de manifiesto la realización del hecho imponible de este impuesto, con excepción de los actos de última voluntad. También estarán obligados a remitir, dentro del mismo plazo, relación de los documentos privados comprensivos de los mismos hechos, actos o negocios jurídicos, que les hayan sido presentados para conocimiento o legitimación de firmas. Lo prevenido en este apartado se entiende sin perjuicio del deber general de colaboración establecido en la Ley General Tributaria.

#### ARTICULO 11° INSPECCION Y RECAUDACION

La inspección y recaudación del impuesto se realizarán de acuerdo con lo prevenido en la Ley General Tributaria y en las demás leyes del Estado reguladoras de la materia, así como en las disposiciones dictadas para su desarrollo.

#### ARTICULO 12° INFRACCIONES Y SANCIONES

En todo lo relativo a la calificación de las infracciones tributarias así como a la determinación de las sanciones que por las mismas correspondan en cada caso, se aplicará el régimen regulado en la Ley General Tributaria y en las disposiciones que, referidas al sistema tributario estatal, la complementan y desarrollan.

#### DISPOSICION FINAL

La presente Ordenanza fiscal, cuya redacción definitiva ha sido aprobada por el Pleno de la Corporación en sesión celebrada el día 28 de diciembre de 2000, entrará en vigor el mismo día de su publicación en el Boletín Oficial de la Pro-

vincia, permanecendo en vigor hasta su modificación o derogación expresas.

**C) ANEXO DA CLASIFICACIÓN DAS RÚAS CONTIDO NA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.**

Examinado o expediente tramitado para a modificación do anexo de clasificación das rúas contido na ordenanza reguladora do imposto municipal sobre actividades económicas (IAE).

Resultando relevantes os seguintes

**FEITOS:**

1º.- Pola Xefa do Servicio de Xestión e Inspección Tributaria se emite informe con data 13 de decembro de 2000 relativo o esquema legal preciso para a modificación da guía de rúas que figura como anexo á ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

2º.- O señor Secretario Xeral con data 21 de decembro de 2000 emite o preceptivo informe no que, entre outros extremos, indica que o informe emitido pola Xefa do Servicio de Xestión e Inspección Tributaria é conforme, en liñas xerais, co ordenamento xurídico vixente, se ven sinala que, en relación coa modificación do anexo da ordenanza reguladora do IAE, non se achega ó expediente informe técnico ningún do servicio de arquitectura nin tampouco de Xestión Tributaria, no que se expoñan os motivos polos que se procede á alteración na clasificación dos rueiros, máxime cando a modificación pode ter consecuencias tributarias noutros impostos ou taxas municipais. Así mesmo indica que o IAE devengarase o primeiro día do período impositivo que coincide co ano natural, tendo as cotas carácter irreductible, agás as excepcións previstas na Lei, polo que a aplicación e entrada en vigor das alteracións aprobadas non podería producirse, loxicamente, no ano 2001, agás as altas que se vaian producindo durante o ano (artigo 90 da Lei 39/88).

3º.- O señor Interventor Xeral, con data 22 de decembro de 2000, emite informe no que, entre outros extremos, indica que se adhire ó informe emitido polo Secretario no aspecto da ausencia de informes técnicos cualificados que avalen a reclasificación de rúas, sen que conste para a oportuna valoración por parte da Corporación, de cal era a clasificación anterior das rúas que se pretenden modificar. Tamén indica que se debe facer constar, o que tamén sinala o Sr. Secretario, que este imposto ten, de conformidade co artigo 90.1 da Lei 39/88, de 28 de decembro, un período impositivo que coincide co ano natural, excepto cando se trate de altas, polo que a efectividade desta modificación terá lugar unha vez que se publique integramente o texto no BOP, criterio refrendado polo informe da Técnica do Servicio no punto 5, informe que debe substituír o encabezamento do mesmo por canto se refire o imposto de vehículos sobre tracción mecánica cando débese referir ó IAE.

4º.- O Sr. Enxeñeiro Xefe da Oficina Técnica de Medio Ambiente Infraestrutura e Enxeñería, con data 26 de decembro de 2000, emite informe favorable á proposta de modificación por se tratar, na súa maior parte, de rúas nas que se realizaron

melloras, ben sexa en pavimentacións, beirarrúas, iluminación pública ou redes de servizos. Noutras rúas, a proposta de modificación se xustifica polo restablecemento do equilibrio económico dentro dunha zona, caso de Enrique Labarta ou Pastor Díaz, incluso perdendo categoría nos casos do Paseo de Valle Inclán ou Igrexas Vilarelle.

Considerando de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- De conformidade co artigo 47.3.h) da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, esixe que a imposición e ordenación dos recursos propios do Concello de carácter tributario se aprobe polo Pleno da Corporación co voto favorable da maioría absoluta legal dos seus membros.

II.- O procedemento a seguir para a aprobación da modificación das Ordenanzas fiscais se axustará ós trámites establecidos no artigo 49 da devandita Lei 7/1985 en relación co artigo 70.2 e artigo 17 da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais.

III.- A competencia para a aprobación das Ordenanzas está atribuída ó Pleno da Corporación de conformidade co establecido no artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esixíndose para a validez do acordo a maioría absoluta legal dos membros da Corporación (art. 47-3-h).

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e coa abstención de nove Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á modificación do anexo de clasificación das rúas contido na ordenanza reguladora do imposto municipal sobre actividades económicas (IAE), producida pola modificación da categoría de algunhas rúas ou por novas incorporacións, de acordo co seguinte detalle:

a) Rúas que se engaden ás xa clasificadas como de primeira categoría:

- Barcelos.
- Marquesa.
- Ourense.
- Enrique Labarta.
- Praza da Liberdade.

b) Rúas que se engaden ás xa clasificadas como de segunda categoría:

- Eduardo Pondal.
- Pastor Díaz.
- San Roque.
- Rúa San Blas.
- Paseo Valle Inclán.
- Igrexas Vilarelle.
- Rúa Campo da Feira.

- Rúa Poeta Uxio Novoneyra.
- Praza José Martí.

c) Rúas que se engaden ás xa clasificadas como de terceira categoría:

- Barca (A).
- Calvo Sotelo (Antiga Alféreces Provisionais).
- Gerardo Álvarez Limeses.
- Paco Leis.
- Padre Gaite.
- Campo da Torre.
- Antón Fraguas.
- Rúa da Tablada.
- Pintor Virxilio Blanco.
- Pintor Urbano Lugrís.
- Luis Seoane.
- Pintor Manuel Colmeiro.
- Avenida Juan Carlos I.
- Avenida da Eiriña.

d) Rúas que se engaden ás xa clasificadas como de cuarta categoría:

- Polígono O Campiño.
- Francisco Tomás y Valiente.
- Fermín Bouza Brey.
- Gaiteiro Ricardo Portela.
- Sarmiento de Acuña-Conde de Gondomar.
- Pintora Maruxa Mallo.
- Da Abundancia.
- Travesía Irmáns Pazó.
- Losada Diéguez.
- Escultor Acuña.
- Fotógrafo Pintos.
- Fotógrafo Zagala.
- Anxo Bugallo Alonso.
- Benito Fernández Acuña "O Faracho".

SEGUNDO.- Dispor que a modificación aprobada inicialmente se someta a información pública polo período de trinta días hábiles a efectos de reclamacións e suxestións mediante anuncio que se inserirá no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

TERCEIRO.- Resoltas as reclamacións polo Pleno da Corporación, de se-lo caso, ou elevado a definitivo o acordo provisional por non se presentar, procederáse á publicación da modificación do anexo no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se efectúe a citada publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, polo que tendo en conta que o período impositivo do imposto coincide co ano natural e que as cotas teñen carácter irreductible, agás as excepcións previstas na Lei, a aplicación das alteracións aprobadas non poderá producirse no ano 2001, agás as altas que se vaian producindo durante o ano.

**7.- SELADO DO VERTEDOIRO DE RESIDUOS SÓLIDOS DE CERPON-**



**ZÓNS: TOMA DE COÑECEMENTO DA APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DE SELADO POLA MANCOMUNIDADE E INICIACIÓN DE TRÁMITES PARA A OCUPACIÓN DAS FINCAS PRIVADAS AFECTADAS POLA EXECUCIÓN DO PROXECTO.**

Dáse conta do dictame, favorable por unanimidade, da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Patrimonio relativo á toma de coñecemento da aprobación do proxecto técnico de selado, pola Mancomunidade, do vertedoiro de residuos sólidos de Cerponzóns e iniciación de trámites para a ocupación das fincas privadas afectadas pola execución do proxecto.

Aberto o debate, toma a palabra o señor Alcalde, dicindo que é un día importante para o Concello de Pontevedra porque o selado do vertedoiro do Rapadiño é unha necesidade e unha demanda histórica do Concello dende hai moitos anos e para este goberno municipal dende o primeiro momento foi unha prioridade absoluta e como tal prioridade a expuxo diante do Presidente da Xunta de Galicia e do Conselleiro de Medio Ambiente en sucesivas entrevistas, neste último mandato se rematou a tramitación do proxecto de selado, que estaba iniciado no mandato anterior, facéndose as correccións pertinentes para aprobación da declaración de efectos ambientais que se produciu en febreiro do ano 2000 e ademais durante tódalas conversas mantidas a Consellería de Medio Ambiente se comprometeu inicialmente para o investimento dos 400 millóns de pesetas necesarios para levar adiante o selado coa achega do 15% da Mancomunidade, este compromiso que en principio foi verbal corroborouse por escrito por parte do Conselleiro, con data 16 de outubro de 2000, para poder adxudica-lo selado do vertedoiro a finais do 2001 e rematar durante o ano 2002, polo tanto ten que manifesta-la súa satisfacción pola confirmación deste investimento importante para Pontevedra e solicita da Corporación, igual que na Comisión informativa, o voto favorable para iniciar as negociacións e as tramitacións necesarias para poñer a disposición os terreos que son necesarios para executa-la obra nos prazos previstos.

A continuación intervén don Luciano Santiago Esperón, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que é un tema que aínda que fora aprobado por unanimidade hai un consenso uniformizado de toda a Corporación e vai aproveita-la ocasión por dúas circunstancias, unha imbuído do espírito do nadal desexarlle ós concidadáns o ós compañeiros de Corporación unha boa saída e unha boa entrada do próximo ano, despedida e entrada de milenio e xa que se vai no seguinte milenio a sela-lo Rapadiño vaise consolidar un vello anhelado e eliminar un elemento de risco ambiental importante, pero pensa que se debe mante-la mancomunidade operativa e con financiamento suficiente durante todo o tempo que dure a actividade intrínseca do propio vertedoiro, pois un vertedoiro non só é selado e pechalo, senón que hai que gastar cartos en elimina-los lixiviados, posiblemente nalgún tipo de mantemento e un vertedoiro aínda que selado non está libre de todo risco, pode haber algún tipo de filtración

ou de corremento de terras e con isto o que quere abundar é no tema de que a mancomunidade, mentres o vertedoiro non sexa considerado inerte, ten que manter unha actividade, reflexión que pensa que comparten tódolos grupos e despois facer un chamamento desde aquí a algo que podía ser interesante e digno de estudiarse, que é o aproveitamento enerxético do metano que vai produci-lo vertedoiro que se pode utilizar para cousas lixeiras ou para cousas leves, pero non estaría demais pensar en que no momento que estea selado e se empece a producir metano poder facer algo co pouco que se produza, incluso a nivel educativo.

Seguidamente concédese a palabra ó portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, el cual manifiesta que decía el señor Alcalde que es un día importante y quiere dejar aquí claro que importante será el día que lo vean sellado, pero importantísimo fue el día que dejaron de verter en el Rapadiño, pues gracias a que se dejó de verter hace dos años hoy día se puede proceder al sellado; también decía el señor Alcalde que fue una prioridad absoluta para su equipo de gobierno, pero también fue una prioridad absoluta para el equipo de gobierno que él presidía en años pasados, pues de hecho la redacción de ese proyecto se hizo en su época, se presentó a la Consellería y estuvieron varios meses corrigiendo cosas que iban mandando y cree que es un buen proyecto de sellado del vertedero y es bueno que por fin se tenga acceso a ayudas comunitarias a través de la Xunta de Galicia y se pueda ver sellado definitivamente ese vertedero, evidentemente el voto del Partido Popular lo va a tener si de lo que se trata aquí es que se puedan hacer esas gestiones para poner los terrenos a disposición, pues evidentemente es algo que recoge el proyecto y que es necesario y fundamental, de todas maneras no sabe exactamente si hay que votar algo porque el punto dice toma de conocimiento.

Contéstalle o señor Alcalde que hai unha proposta de acordo que consta no expediente e ten que dicirlle que efectivamente recoñeceu na súa primeira intervención que existía un proxecto que fora elaborado inicialmente polo goberno do mandato anterior, que ese proxecto tiña erros e que se corrixiron neste mandato, que as promesas de selado do vertedoiro se remontan ó ano 1991 e que felizmente no ano 2002 vai quedar perfectamente selado, o que non entende moito é que o señor Pedrosa diga que cando o vexa, non sabe se é que non ten confianza nos compromisos da Xunta de Galicia, pero creo que teñen a obriga de ter confianza todos neles, polo tanto o tema do selado é unha realidade, haberá que consignar unhas cantidades par responder a ese 15% de achega que ten que face-la mancomunidade para o selado e comprometerse a poñer-los terreos a disposición, este é o acordo da Comisión que debe ser vinculante para o Pleno desta Corporación.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo coas súas motivacións, nos termos seguintes:

Examinada a comunicación e documentación remitida pola Mancomunidade para o servizo de vertedoiro de residuos sólidos urbanos dos concellos de Pontevedra e Sanxenxo na que se inclúe certificación de acordo adoptado pola Comisión Xestora da Mancomunidade e documentación relativa á expropiación de 17.535 m2 de terreos lindantes cos do actual vertedoiro, necesarios para a execución do proxecto de "Selado do vertedoiro de residuos sólidos urbanos de San Vicente de Cerponzóns", e tendo en conta as peticións formuladas pola Mancomunidade, ó Pleno da Corporación, por unanimidade, e de conformidade co dictame da Comisión Informativa municipal de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da aprobación do proxecto de Selado do vertedoiro de residuos sólidos urbanos de San Vicente de Cerponzóns", asumindo a obriga de poñer a disposición da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, como órgano de contratación, os terreos necesarios para a execución do proxecto, tanto dos ocupados polo actual vertedoiro como os de titularidade privada que resultan precisos para a execución do proxecto.

SEGUNDO.- Dispoñer que pola Alcaldía se leven a cabo, en vía amigable, as xestións necesarias cos propietarios para adquisición do uso ou titularidade das parcelas afectadas pola execución do proxecto de selado do vertedoiro de San Vicente de Cerponzóns.

TERCEIRO.- De fracasar as xestións levadas a cabo en vía amigable, que pola Alcaldía se dispoña o inicio do pertinente procedemento de expropiación forzosa, interesando do organismo competente da Xunta de Galicia a declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a execución do proxecto.

## **8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**A) PREGUNTA DA CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D<sup>a</sup> SONIA REY BARROS, SOBRE ABOAMENTO DO 50% DE SUBVENCIÓN AS ASOCIACIÓNS PARTICIPANTES NO PROGRAMA NOITES ABERTAS.**

Manifiesta que a su grupo le gustaría saber porque a fecha 28 de diciembre de 2000 aún no se les ha abonado a las Asociaciones participantes en la pasada edición de Noites abertas el segundo 50% de la subvención acordada y tienen la osadía de solicitarle sus proyectos para la próxima edición de dicho programa, cuando sabe todo el mundo que las asociaciones son sin ánimo de lucro y no cuentan con dinero suficiente para organizar todo este tipo de proyectos.

Contéstalle don Xosé Luis Bará Torres, dicindo que xa están feitos tódolos trámites para aboar esas cantidades e proba de que hai unha intención e unha vontade por parte dunha grande maioría de asociacións de participar na nova edición é que se vai triplicar-la colaboración e a participación nun programa que, como xa dixo moitas veces, é un caso único en todo o estado español de implicación e de participación social na súa execución, a diferencia doutras cidades onde son encargados a

empresas, pero evidentemente o feito de que haxa tal implicación e participación social ten as súas dificultades burocráticas e de tramitación que intentarán corrixir no próximo ano, sobre todo modificando as bases de execución do orzamento para que se poida subvencionalo 100% ás entidades sociais que realizan programas deste tipo, polo tanto espera contar coa súa colaboración, cousa que non sucedeu o ano pasado, para aprobar esas bases de execución e poder subvencionar ó 100% eses servizos que fan as asociacións en colaboración co Concello, espera nos próximos orzamentos contar co seu apoio para esa modificación.

**B) PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, DONA MARÍA DOLORES DE OZÁMIZ LESTÓN, SOBRE A DATA DE ABOAMENTO DAS SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIONES QUE PARTICIPARON EN NOITES ABERTAS.**

Manifesta que a súa pregunta vai no mesmo senso que a da anterior Concelleira, para que lles diga a data en que se vai pagar esa subvención, porque levan esperando moito tempo, págáronse xa as das empresas pero en cambio as asociacións parece que se atrasou o pago.

Contéstalle don Xosé Luis Bará Torres dicindo que supón que é unha cuestión de trámites internos dentro do Concello, pero polas informacións que ten xa está a disposición para ser aboado e espera que sexa algo inmediato, en todo caso insiste en que será moito máis fácil en próximas edicións se hai esa vontade de poder en determinados casos que cre que son claramente asumibles e de xustiza, sobre todo en programas que promove o propio Concello, poder subvencionar ó 100% das actividades e non ter os atrancos que tiveron por non poder facelo neste ano.

**C) PREGUNTA DO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D. JUAN LUIS PEDROSA FERNÁNDEZ, SOBRE OS REIS MAGOS.**

Manifiesta que es una pregunta dirigida a la Concejala doña Salomé Álvarez y era preguntarle si realmente cree en los Reyes Magos, porque les ha llegado a todos los Concejales un montón de propaganda con la tarjeta de Concejala delegada doña Salomé Álvarez, donde entre otras muchas cosas vienen varias cartas a los Reyes Magos y no sabe para que las manda, a lo mejor lo que pretende es que las mociones o las peticiones las hagan a través de los Reyes Magos, pero realmente están circulando por ahí unas cartas a los Reyes Magos con esa lentejuela del Ayuntamiento, que ya no es ni escudo lo que se utiliza últimamente, lo que pasa es que le chocó el envío y, como cree que se lo han hecho a todos los Concejales, por eso hace esta pregunta.

Le contesta dona Salomé Álvarez Blanco, dicindo que efectivamente cre nos Reis Magos, porque aínda ós seus anos conserva esa inocencia de nena, trátase dunha campaña dirixida sobre todo ós nenos e nenas das escolas para unha utilización menos consumista do xoguete e do xogo, e as cartas van coa idea de facer no próximo ano un concurso de cartas ós Reis Magos e indubidablemente tamén para que os señores Concelleiros

e Concelleiras as utilicen para pedir todo aquilo que desexen a este equipo de goberno, que seguramente atenderanse.

Manifesta o señor Pedrosa que, en cuanto al consumismo, si realmente cree en los Reyes Magos traeran lo que ellos quieran, por tanto excusa de hacer propaganda de consumismo.

Contéstalle a señora Álvarez Blanco dicindo que tamén van dirixidas a que os Reis Magos pensen que deben ser xoguetes non sexistas, non bélicos e xoguetes para reciclar.

**D) PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DON JOSE MANUEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, SOBRE REFORMA DOS VESTIARIOS DOS CAMPOS DE TERRA.**

Manifesta que trae unha pregunta ó Pleno porque non é capaz de conseguila resposta a través dos servicios técnicos do Instituto Municipal de Deportes e dado que non hai reunións dende hai dous meses e, excepto unha reunión que se fixo apresada na que participou o señor Alcalde, no mes de decembro non houbo ningunha, a pregunta é a seguinte: tróuxose aquí no mes de xuño unha obra apresada e correndo con matiz de urxencia que era a reforma de vestiarios dos campos de terra, que xa dixera aquí que era necesaria e conveniente pero que non estaba de acordo porque ía interferir no desenvolvemento normal das competicións, tanto é así que se tiveron que atrasar, pero se adxudicaron e a empresa tiña como prazo de remate deses vestiarios o mes de outubro e estamos en decembro e seguen sen rematar, esta é unha pregunta que xa fixo nos servicios técnicos e gustaría saber cando se vai rematar esta obra e se se vai sancionar á empresa ou non.

Contéstalle o señor Alcalde dicindo, en primeiro lugar, que debe ter uns lapsus, pois fala de meses e en decembro houbo unha reunión extraordinaria no Instituto Municipal de Deportes; en segundo lugar, desde logo non sabe exactamente as datas e ten que recoñecer que efectivamente as obras van con certo atraso, pero de seis meses non é verdade, a previsión é que estean rematadas para o inicio da temporada despois do Nadal, tanto do multiusos no que se está neste momento instalando unha pista nova e as canastras como o dos vestiarios e se está a falar coa empresa para que axilice os traballos e que estean rematados o día 8 ou 9 do mes de xaneiro, non sabe se lle valerá a resposta, en todo caso lla contestaría máis polo miúdo falando de datas unha vez visto o expediente, neste momento é unha resposta provisional, en todo caso dicirlle que por parte do equipo de goberno están interesados en que esas obras se rematen e se teñan uns bos equipamentos deportivos e nese sentido está demostrado porque a realidade é que se están a facer, independentemente de que poida haber un pequeno atraso nas obras, que obviamente se é imputable á empresa e hai posibilidade de tomar medidas sancionadoras se tomarán, en todo caso a resposta máis polo miúdo se lle poderá facer dentro dun par de días por escrito.

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo señor Alcalde remátase a sesión ás catorce horas e quince mi-

nutos, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Visto e prace.  
O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Fdo. Miguel Anxo Fernández Lores.

Fdo. Adolfo Castro Pérez.